



Programación didáctica

2º e 4º ESO Xeografía e Historia

4º ESO Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

ÍNDICE

1.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA: 2º E 4º DE ESO	3	2.7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	57
1.1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3	2.7.1.- Criterios de promoción	58
1.2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	8	2.8.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE	58
1.3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA	12	2.9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS	60
1.4.- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	13	2.10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	61
1.4.1.- Secuenciación e temporalización	13	2.11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NA ÁREA	61
1.4.2.- Grao mínimo de consecución para superar a materia	14	2.11.1.- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR E FOMENTO DA COMPRESIÓN LECTORA	62
1.4.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe	21	2.11.2.- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO Plan TIC	63
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:	21	2.12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO	64
1.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA	24	2.13.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓNS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	64
1.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	25	2.14.- PROPOSTAS DE MELLORA	64
1.7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	26		
1.7.1.- Criterios de cualificación	28		
1.7.2.- Criterios de cualificación na avaliación ordinaria (xuño)	30		
1.7.3.- Criterios de promoción	32		
1.8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE	33		
1.9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	34		
1.10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS	35		
1.11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	36		
1.12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NA ÁREA	36		
1.13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO E SOLICITUDE DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA	38		
1.14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	39		
1.15.- PROPOSTAS DE MELLORA	40		
2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL. 4º ESO	41		
2.1. INTRODUCCIÓN	41		
2.2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	41		
2.3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS CURRICULARES	45		
2.4.- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	47		
2.4.1.- Secuenciación e temporalización	47		
2.4.2.- Grao mínimo de consecución para superar a materia	49		
2.4.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe	52		
2.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA	53		
2.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	55		

1.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA: 2º E 4º DE ESO

1.1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Para a elaboración desta programación didáctica seguiuise a **lexislación de referencia**: a [Lei Orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE); o [Real Decreto 1105/2014](#), do 26 de decembro (BOE 3 de xaneiro), polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato; o [Decreto 86/2015](#), do 25 de xuño, (DOG 29 de xuño), polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia; a [Resolución do 11 de maio de 2018](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan **instrucións no curso académico 2018/19 para o desenvolvemento do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria** e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e a [Lei orgánica 3/2020](#), do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

E tamén as seguintes Ordes:

ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o **calendario escolar para o curso 2021/22** nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE ECD/279/2016, de 26 de febreiro, pola que se modifica a Orde ECD/1361/2015, de 3 de xullo, pola que se establecía o currículo de Educación secundaria Obligatoria e bacharelato para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e se regula a súa implantación, así como a avaliación continua e determinados aspectos organizativos. En dita orden engádesse un novo bloque 2 á materia de Xeografía e Historia de 1º de ESO.

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A continuación faise referencia a distintos aspectos que, de xeito xeral, contextualizan a programación da área de **Xeografía e Historia de 2º e 4º de ESO** do Departamento de Xeografía e Historia do CPI de Cova Terreña:

O entorno: o centro educativo CPI de Cova Terreña está situado no concello de Baiona, ao Sur da provincia de Pontevedra. Un municipio, turístico e mariñeiro, situado na parte meridional da Área Metropolitana de Vigo, ao sur das Rías Baixas. Este municipio, hermanado cunha serie de Pobos Colombinos polo feito histórico

do descubrimento, como son Palos de la Frontera (Huelva), Santa Fe de la Vega (Granada), Pornic (Francia), Rafael Dieste (Cuba), Vila do Bispo (Portugal), aspira, nun futuro, a ser declarado Patrimonio da Humanidade, pola UNESCO. O seu centro histórico, que conserva multitude de rincóns medievais e acolle aos principais monumentos da vila, foi declarado “Conxunto de interese Histórico Artístico” pola Xunta de Galicia, o 1 de marzo de 1993. Xunto a el, a festa da Arribada, acaba de ser declarada como “Festa de Interese Turístico Internacional” pola Secretaría de Estado do Ministerio de industria, Enerxía e Turismo, o 5 de novembro de 2015.

O entorno inmediato aporta numerosos **recursos a nivel didáctico**, desde un punto de vista xeográfico, histórico-artístico e patrimonial: os montes da Groba, a península de Monte Boi, o espazo natural protexido da Foz do río Miñor, a existencia dun estaleiro que construía embarcacións para a Armada Real, a primeira noticia do descubrimento no vello mundo trala arribada da carabela Pinta a Baiona, a importancia do seu porto na Idade Media, a construción dun castelo baluarte de Monterreal para o tráfico mercantil e marítimo, o asedio de Portugueses e Ingleses no século XIV, a ruta medieval de peregrinación (camiño portugués da costa), a ex-colexiata de Santa María, o cruceiro da Santísima Trindade, a Igrexa de Santa Liberata, a fonte de Ceta, a Virxe da Rocha, a estación de petroglifos denominada “Outeiro dos Lameiros”, entre outros.

A situación socioeconómica e cultural do alumnado: a procedencia do noso alumnado é maioritariamente do centro da vila, acollendo ao alumnado do CEIP de Belesar na etapa de Educación Secundaria, o 4,42% da matrícula do centro, que é transportado nunha única liña de autobús (20 alumnos/as). A presenza de alumnado de procedencia estranxeira non é significativa (2,40%, 11 alumnos e alumnas). Ao inicio do curso contamos con aproximadamente 452 matrículas no centro, dos cales ao redor de **180** son **alumnado de secundaria**. Hai unha proporción equilibrada entre alumnos (228) e alumnas (224) que teñen como lingua materna, maioritariamente, o castelán, sendo o galego deostado en moitas ocasións.

O alumnado posúe características socioculturais e socioeconómicas diferentes. A maioría das familias sitúanse nun rango medio-baixo no tocante aos parámetros socioeconómicos e culturais. Curiosamente a actividade económica non responde ao esquema habitual de zona costeira, pois unha alta porcentaxe da poboación activa relaciónase co sector terciario e secundario. Baiona é unha vila de mercado carácter turístico e o sector servizos ten unha importancia elevada. Non existe practicamente tecido industrial en Baiona, debido á proximidade doutros focos industriais como os de Nigrán, Gondomar, Vigo e Porriño. A construción, tras sufrir un importante incremento nos últimos anos debido ao sector turístico que demandaba un crecente número de vivendas secundarias ou de aluguer, nestes momentos diminuíu de forma moi importante a súa actividade por mor da crise económica.

Pódese afirmar que, en xeral, o alumnado ten **pouco hábito de traballo e estudo** pero, a pesar diso, non existen grandes desfases no nivel de coñecementos correspondentes. Unha porcentaxe pequena do alumnado do centro ten adaptación curricular. Por último, até agora, non se detectaron graves problemas de conduta nin afectivos que sexan susceptibles de mención neste documento.

O centro educativo: o CPI de Cova Terreña é un centro público integrado dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia no que se imparten tres etapas educativas: educación infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. O Claustro está composto por 53 membros, incluíndo dúas docentes compartidas co noso centro para suplir horas de Relixión Católica, onde o 13,72% do profesorado está en situación provisional no centro, situación que mellorou moito respecto de anos anteriores tras ser adxudicado profesorado con destino definitivo de Ed.Secundaria.

No PEC recóllense certos aspectos relativos á **liña metodolóxica** propia e á concreción do **currículo no centro e aula**, moitos dos cales serán tratados en profundidade ao longo da presente programación:

- Adecuación dos obxectivos xerais da ensinanza ao contexto do centro e ás características do alumnado.
- Principios metodolóxicos baseados nun enfoque construtivista da aprendizaxe que debe procurar que o alumnado sexa elemento activo do proceso de ensino-aprendizaxe
- Agrupamentos axeitado do alumnado tratando de fomentar a heteroxeneidade como factor enriquecedor e respectando a pluralidade de sexos, coñecementos e capacidades.
- Agrupamentos específicos para alumnado con necesidade de reforzo nas áreas instrumentais.
- Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento para alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.

A composición e organización do **Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia** neste curso académico 2021-2022 está formado polo seguinte profesorado:

D^a **María Luísa Aldao González**, profesora de ensino secundario e xefa de Estudos de secundaria.

D^a. **María Lurdes Pérez Camiña**, profesora de ensino secundario e xefa de Departamento de Xeografía e Historia.

Este Departamento imparte un total de **sete materias** en toda a etapa. A inexistencia nun centro destas características de profesorado de FOL/Economía, implica que, ademais das catro materias propias, este Departamento debe asumir materias doutras especialidades (segundo Real Decreto 665/2015, de 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obligatoria, o Bacharelato, a Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial,

á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de Ensinanza Secundaria): Economía e Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresaria (4º ESO). Ademais este curso 2022/2023 asumimos a materia de Cultura Clásica en 3º ESO e cedemos Xeografía e Historia de 1º ao Departamento de Lingua Galega . Así pois, a distribución de áreas e grupos é a que segue:

PROFESORADO	MATERIAS NAS QUE SE IMPARTE DOCENCIA
D^a. María Luísa Aldao González	Propias do departamento: Xeografía e Historia, 2º de ESO, grupos A e B. Materias doutra especialidade: Cultura Clásica en 3º ESO.
D^a María Lurdes Pérez Camiña	Propias do departamento: Xeografía e Historia, 3º e 4º curso de ESO, grupos A e B. Materias doutra especialidade: Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial e Economía, grupos mixtos de 4º curso de ESO

A área de Xeografía e Historia: no que se refire é moi importante para o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais.

En ESO, a área de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o Mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A programación anual da área de Ciencias Sociais, ademais dos obxectivos que se sinalan, procurará na medida que sexa posible debido as actuais restricións realizar traballos, proxectos, saídas e pequenas investigacións, nas áreas en que vive o alumnado, que lles permita sobre todo:

Coñecer o medio físico (unidades do relevo, accidentes xeográficos... así como as peculiaridades meteorolóxicas da súa localidade).

Investigar sobre os datos estatísticos da súa localidade que aporta o IGE (poboación, principais actividades económicas, nivel de ocupación por sectores de actividade, etc.).

Valorar e preservar o seu patrimonio tanto natural como materia e inmaterial.

Comprender a realidade histórica, o contexto socioeconómico, político, cultural e medio ambiental no que vive e do que procede o alumnado.

1.2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O Departamento de Xeografía e Historia parte do convicción de que os profundos e rápidos cambios que experimenta a sociedade do século XXI e o mundo do coñecemento e da tecnoloxía, esixen novos enfoques de aprendizaxe nos centros educativos, tal e como amosan as últimas políticas educativas tanto nacionais coma supranacionais.

A [recomendación 2006/962/EC](#) do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente promovía xa, fai case unha década, a potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento ao tradicional aprendizaxe por contidos. Ademais, na propia lexislación educativa do Estado español, a Lei Orgánica 2/2006 de Educación modificada pola Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade do Ensino, aposta tamén por este enfoque competencial.

Na presente programación didáctica, e seguindo coa lexislación vixente en ESO (LOMCE), no plano didáctico, a área de Xeografía e Historia contribúe á consecución das sete competencias clave, aprendizaxes que se consideran imprescindibles e que o alumno/a debe desenvolver ó finalizar esta etapa obrigatoria, para o logro da súa realización persoal, o exercicio da cidadanía activa, a súa incorporación satisfactoria á vida adulta, a inclusión social, o emprego e o desenvolvemento dun aprendizaxe permanente ó longo da vida.

Pola súa mesma natureza as competencias clave teñen un carácter transversal; polo tanto, cada unha delas se alcanza a partir do traballo nas diferentes áreas da etapa.

A contribución da área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia ó logro das competencias clave é fundamental, xa que une o carácter instrutivo e contextualizador, axudando a centrar unha información dentro dunha perspectiva social.

A continuación identifícanse as sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes vinculadas a cada unha dela:

1. Competencia social e cívica (CSC)

A materia de Ciencias Sociais resulta fundamental para o desenvolvemento da CSC, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural e multicultural, e así mesmo a comprensión da realidade social, o que sucede, as consecuencias dun proceso determinado e as condicións de vida de homes e mulleres, que son os suxeitos dos asuntos sociais.

Descrición:

Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola

Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma chamada Constitución Española.

Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.

Desenvolver habilidades sociais: a empatía mediante a comprensión das accións humanas do pasado, o diálogo, a tolerancia, a cooperación, o respecto cara a outras persoas.

Expresarse de forma asertiva e mostra unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.

Recoñecer o importante papel que desempeñan os organismos internacionais na solución pacífica dos conflitos, no diálogo fronte cambio climático, na axuda e cooperación cos Estados subdesenvolvidos, ...

Entender e apreciar os trazos das sociedades actuais e os elementos, a pluralidade e os intereses comúns da sociedade na que vive.

Implicarse na defensa do desenvolvemento sostible, do patrimonio, do consumo responsable, das tradicións culturais, dos valores democráticos, etc.

Valorar o importante papel do voluntariado e dos organismos non gobernamentais (ONG).

2. Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC)

A CCEC supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estimálas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar.

Descrición:

Mostrar respecto cara as obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.

Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

Comprender e valorar a función que a arte tivo e ten na vida dos seres humanos.

Coñecer a linguaxe artística (arquitectura, escultura, pintura, ...) para poder interpretar e valorar as obras de arte legadas polos/as nosos/as antepasados/as.

Analizar estilos, artistas e obras de arte de maneira técnica e identificar o contexto histórico que explica a súa aparición.

Valorar o patrimonio cultural e artístico e desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

Fomentar e disfrutar coa creatividade propia ou coa visita ás manifestacións artísticas que nos rodean.

Realizar mapas políticos e físicos, gráficos, ..., nos que se prestará especial atención a creatividade artística manifestada polos/as alumnos/as.

3. Competencia dixital (CD)

No mundo actual é innegable a importancia que ten a CD para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos e tamén para contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As novas tecnoloxías da información e da comunicación (TICs) resultan imprescindibles na sociedade da información na que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo ou colaborativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta Área.

Descrición:

Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

Contrastar a información obtida a través de Internet e desenvolver un pensamento crítico e creativo.

Realizar xogos de simulación, webquest, cazatesouros,...

Elaborar traballos de forma autónoma ou en grupo en soporte informático.

Elaborar, analizar e comparar distintos tipos de gráficas empregando Excell.

Utiliza correctamente a súa conta de Gmail e a aula virtual da materia.

4. Competencia lingüística (CL)

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza aprendizaxe, a CL resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico das Ciencias Sociais que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente.

Descrición:

Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.

Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Producir textos escritos de diversas complexidades para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Producir textos dotados de coherencia, cohesión e corrección sintáctica e léxica, empregando adecuadamente as distintas variantes do discurso, en especial, a descrición, a narración, a disertación e a argumentación.

Empregar un vocabulario específico básico da propia materia para construír un discurso preciso.

Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa.

Comprender textos e informacións, orais e escritos, diferenciando as ideas primarias e secundarias.

Analizar e comenta textos, mapas, imaxes, gráficas, ..., táboas estatísticas de contido xeográfico, histórico ou artístico.

5. Competencia para aprender a aprender (CAA)

A CAA supón iniciarse na aprendizaxe e continuoalo dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Descrición:

Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.

Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Desenvolver distintas estratexias, destrezas e técnicas de estudo básicas para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resúmenes, mapas conceptuais, etc.

Participar en debates e contrasta as opinións persoais coas do resto dos/as compañeiros/as.

Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.

Obter información de imaxes e textos e transformala en coñecemento e buscar repostas a problemas espaciais.

Participar no propio proceso de aprendizaxe de forma activa.

6. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Tamén a CMCCT resulta fundamental nesta materia pois permite analizar diversos aspectos demográficos, socioeconómicos e políticos a través dunha serie de datos numéricos, fórmulas matemáticas, representacións gráficas, contraste de datos, etc, coa finalidade de por no coñecemento do alumnado distintos procedementos para analizar un feito histórico, un aspecto demográfico ou físico, En definitiva, o alumnado farase consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Descrición:

Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.

Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.

Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.

Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

7. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Finalmente, diremos que, a área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia é fundamental tamén para o desenvolvemento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), pois non podemos perder de vista que temos que proporcionar os/as alumnos/as unha educación e formación integral, así como os coñecementos e habilidades que lles permitan desempeñar nun futuro as súas funcións sociais e laborais con responsabilidade e autonomía.

Descrición:

Ser constante no traballo superando as dificultades.

Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.
Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
Planificar e levar a cabo proxectos e traballos, individuais e en equipo.
Organizar as tarefas e os tempos de forma axeitada.

1.3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA

Segundo o Decreto 86/2015 (DOG 25 de xuño), polo que se establece o Currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato para a Comunidade Autónoma de Galicia, a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1.4.- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

1.4.1. Secuenciación e temporalización

Na seguinte táboa visualízase a secuenciación dos bloques temáticos nos que están organizados os estándares de aprendizaxe que conforman a materia de Xeografía e Historia impartida nos niveis de 2º e 4º ESO:

TEMPORALIZACIÓN	BLOQUES DE CONTIDO		
		2º ESO	4º ESO
1º TRIMESTRE		3 (A historia)	1, 2, 3, 4 e 10

2º TRIMESTRE		3, 1 (A historia / O medio físico)		5, 6, 7 e 10
3º TRIMESTRE		2 (O espazo humano)		8, 9, 10

1.4.2.- Grao mínimo de consecución para superar a materia

A continuación, establécese a relación entre os indicadores de logro e cada un dos estándares de aprendizaxe avaliados, é dicir, especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer na materia. Os estándares básicos, é dicir, aqueles que consideramos prioritarios en canto ao seu nivel de adquisición, están indicados na columna do Grao mínimo (indicador de logro) con tres asteriscos:

2º ESO

PERFIL DE ÁREA				
ÁREA:	Xeografía e Historia (XH)			
Nivel 2º ESO	Área	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo (indicador de logro)	Peso (%)
BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO				
2º	XH	XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. (Básico)	***Utiliza as coordenadas xeográficas para localizar espazos nun mapa de España e Galicia.	2.32 %
2º	XH	XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. (Básico)	***Describe as características básicas do medio físico español e galego.	2.32 %
2º	XH	XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. (Básico)	***Localiza nun mapa as principais unidades do relevo físico español.	2.32 %
2º	XH	XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. (Básico)	***Emprega un mapa físico como axuda para clasificar as unidades do relevo español.	2.32 %
2º	XH	XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. (Básico)	***Localiza nun mapa as principais unidades do relevo físico galego.	2.32 %
2º	XH	XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. (Básico)	***Emprega un mapa físico como axuda para clasificar as unidades do relevo español.	2.32 %
2º	XH	XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. (Básico)	***Distingue os distintos espazos bioclimáticos que existen no conxunto de España.	2.32 %
2º	XH	XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	Diferencia as distintas paisaxes bioclimáticas españolas a partir do visionado de imaxes.	2.32 %
2º	XH	XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	Distingue os distintos espazos bioclimáticos que existen en Galicia.	2.32 %
2º	XH	XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	Localiza nun mapa as paisaxes características de España e Galicia.	2.32 %
2º	XH	XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	***Procura en medios dixitais noticias e páxinas web sobre os problemas medioambientais actuais que afectan a España e Galicia.	2.32 %
BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO				

2º	XH	XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.	É capaz de distinguir as zonas máis densamente poboadas coa axuda dun mapa.	2.32 %
2º	XH	XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. (Básico)	***Identifica as consecuencias que se derivan dos movementos migratorios nos países de orixe e destino.	2.32 %
2º	XH	XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. (Básico)	***Valora o envellecemento e a baixa natalidade que afecta á poboación dos países europeos.	2.32 %
2º	XH	XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	É capaz de comparar a evolución do poboación europea a partir do uso de distintas fontes gráficas.	2.32 %
2º	XH	XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. (Básico)	***Interpreta a pirámide de poboación actual de España e de Galicia.	2.32 %
2º	XH	XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	Explica as características básicas dos movementos migratorios acontecidos en España desde a década de 1980.	2.32 %
2º	XH	XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. (Básico)	***Describe as características da emigración galego do pasado, identificando as épocas nas que tivo lugar e os principais países de destino.	2.32 %
2º	XH	XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	É capaz de interpretar un gráfico sobre a evolución do crecemento da poboación urbana mundial.	2.32 %
2º	XH	XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	Clasifica as cidades máis poboadas do mundo segundo o seu desenvolvemento económico coa axuda dun mapa.	2.32 %
2º	XH	XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. (Básico)	***Sabe diferenciar os elementos que diferencian o poboamento urbano do rural.	2.32 %
2º	XH	XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. (Básico)	***Establece unha clasificación das cidades europeas segundo o seu nivel xeográfico.	2.32 %
2º	XH	XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	É capaz de comentar as características das cidades españolas e galegas coa axuda dunha noticia de prensa.	2.32 %
2º	XH	XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	Localiza nun mapa os parques naturais españois e valora a súa importancia para a conservación do medio ambiente.	2.32 %
2º	XH	XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	Interpreta as características económicas das rexións españolas coa axuda de gráficos lineais, de barra e de sectores.	2.32 %
2º	XH	XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. (Básico)	***Distingue as distintas paisaxes humanizadas de España a partir do uso de imaxes.	2.32 %
2º	XH	XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. (Básico)	***Clasifica as paisaxes humanizadas españolas segundo os sectores económicos (primario, secundario e terciario).	2.32 %
BLOQUE 3. A HISTORIA				
2º	XH	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	Valora o legado material, cultural ou ideolóxico dos nosos días como o produto dunha evolución histórica.	2.32 %
2º	XH	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	Diferencia entre as fontes escritas, orais, visuais e materiais.	2.32 %
2º	XH	XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estes restos materiais ou textuais.	É consciente de que a historia é construída a partir de fontes materiais ou textuais.	2.32 %

2º	XH	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. (Básico)	***É capaz de elaborar unha liña do tempo na que se localicen distintos feitos históricos da Idade Media.	2.32 %
2º	XH	XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	Interpreta mapas históricos e eixes cronolóxicos da Idade Media.	2.32 %
2º	XH	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	É consciente de que varias culturas poden convivir á vez en diferentes lugares.	2.32 %
2º	XH	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. (Básico)	***Fai un uso adecuado do vocabulario histórico e artístico máis relevante da Idade Media.	2.32 %
2º	XH	XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	Valora a importancia das fontes históricas para poder reconstruír os feitos do pasado.	2.32 %
2º	XH	XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	Establece as diferenzas entre os modos de vida do Imperio Romano e dos reinos xermánicos que o sucederon a partir do inicio da Idade Media.	2.32 %
2º	XH	XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. (Básico)	***Comprende as implicacións que se derivan da sociedade feudal para todos os estratos sociais que a conforman (señores e campesiños).	2.32 %
2º	XH	XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	Cofece as orixes do Islam, identificando a personaxes clave como Mahoma e interpretando un mapa sobre a expansión do Imperio Islámico.	2.32 %
2º	XH	XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. (Básico)	***Valora a importancia de Al-Andalus en relación a súa influencia nos reinos cristiáns da Península Ibérica.	2.32 %
2º	XH	XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. (Básico)	***Describe a partir de mapas as etapas de conquista e repoboacións cristiás na Península Ibérica.	2.32 %
2º	XH	XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. (Básico)	***Valora a importancia do Camiño de Santiago, desde as súas orixes na Idade Media ata os nosos días.	2.32 %
2º	XH	XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievas europeas. (Básico)	***Describe as consecuencias que tivo a Peste Negra para as sociedades medievas europeas.	2.32 %
2º	XH	XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. (Básico)	***Identifica a partir de imaxes as características da arte románica, gótica e islámica.	2.32 %

Nota: Debido ao desaxuste de contidos pola nova lei durante este curso 2022/2023 engadirase unha **Introdución a Idade Moderna** por medio dun **Proxecto de clase**, co obxectivo de que os alumnos non salten a comprensión desta etapa.

4º ESO

PERFIL DE ÁREA				
Área:		Xeografía e Historia (XH)		
Nivel	Área	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo (indicador de logro)	Peso (%)
4º ESO				
BLOQUE 1. O SÉCULO XVIII EN EUROPA ATA 1789				

4º	XH	4º-XHB1.1.1-Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.	Comprende e explica a diferenza entre Parlamentarismo e Absolutismo.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB1.1.2-Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	***Distingue os conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB1.2.1-Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.	***Describe as características da Ilustración.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB1.3.1-Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.	Comprende os avances científicos e á importancia na aplicación a vida diaria.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB1.3.2-Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.	Comprende o Empirismo e o método científico.	1.58 %
BLOQUE 2. A ERA DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS				
4º	XH	4º-XHB2.1.1-Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	***Comprende e explica as causas das revolucións.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB2.1.2-Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	***Analiza fontes de diversas épocas.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB2.2.1-Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.	Redacta un texto coherente que consta de introdución, corpo e conclusión das principais revolucións burguesas do século XIX, incluíndo causas e consecuencias.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB2.2.2-Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.	***Redacta un texto coherente que consta de introdución, corpo e conclusión das principais revolucións burguesas, do século XVIII incluíndo causas e consecuencias.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB2.2.3-Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.	Comprende as implicacións da violencia.	1.58 %
BLOQUE 3. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL				
4º	XH	4º-XHB3.1.1-Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra	***Comprende e explica os principios pros e contras da Revolución Industrial en Inglaterra.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB3.2.1-Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	Comprende e explica os principios pros e contras da Revolución Industrial en algúns países europeos e americanos.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB3.2.2-Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.	Non é necesario.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB3.3.1-Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.	Explica a situación laboral feminina e infantil resultado da Revolución industrial.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB3.4.1-Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.	***Comprende e explica os cambios económicos en España.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB3.5.1-Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances	Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos do Século XIX.	1.58 %

		científicos e tecnolóxicos do século XIX.		
BLOQUE 4. O IMPERIALISMO DO SÉCULO XIX E A I GUERRA MUNDIAL				
4º	XH	4º-XHB4.1.1-Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influiría na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.	***Comprende e explica o concepto de Imperialismo.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB4.1.2-Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.	Participa nunha discusión sobre o eurocentrismo e a globalización con argumentos lóxicos e actuais.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB4.2.1-Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	***Relaciona o Imperialismo coa I Guerra Mundial.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB4.3.1-Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.	***Explica causase consecuencias da I Guerra Mundial.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB4.3.2-Analiza o novo mapa político de Europa.	Describe os cambios do mapa político de Europa.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB4.3.3-Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.	***Describe a derrota de Alemaña e as consecuencias de esta.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB4.4.1-Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	Comprende e explica as consecuencias da ***Revolución Rusa a corto e longo prazo.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB4.5.1-Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.	***Comenta dun xeito sinxelo obras artísticas principais do século XIX.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB4.5.2-Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	Comprende os movementos artísticos.	1.58 %
BLOQUE 5. A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS (1919-1945)				
4º	XH	4º-XHB5.1.1-Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia	Interpreta fontes históricas sinxelas.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB5.1.2-Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.	Comprende e explica a crise de 1929 e as súas consecuencias.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB5.1.3-Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	Participa nun debate sobre o feminismo.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB5.2.1-Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.	***Explica os principais factores que permitiron o auxe do fascismo.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB5.3.1-Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.	***Explica as principais reformas durante a II República española e as reaccións a elas.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB5.3.2-Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	Explica as principais causas de Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.**	1.58 %
BLOQUE 6. AS CAUSAS E CONSECUENCIAS DA II GUERRA MUNDIAL (1939-1945)				
4º	XH	4º-XHB6.1.1-Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).	***Explica as causas.	1.58 %

4º	XH	4º-XHB6.2.1-Sitúa nun mapa as fases do conflito.	***Sitúa as fases principais do conflito.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB6.2.2-Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.	Explica o fin da Guerra.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB6.2.3-Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	***Redacta un texto sinxelo seguindo a estrutura de introdución, corpo e conclusión sobre as principais causas e consecuencias da II Guerra Mundial.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB6.3.1-Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	***Recoñece a significación do Holocausto na Historia mundial.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB6.4.1-Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.	***Explica os principais conflitos enmarcados na Guerra Fría a partir de fontes históricas.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB6.4.2-Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.	Explica principais consecuencias da Guerra de Vietnam.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB6.5.1-Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	Explica os feitos fundamentais do proceso descolonizador.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB6.5.2-Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).	Distingue entre os contextos diferentes do mesmo proceso.	1.58 %
BLOQUE 7. A ESTABILIZACIÓN DO CAPITALISMO E O ILLAMENTO ECONÓMICO DO BLOQUE SOVIÉTICO				
4º	XH	4º-XHB7.1.1-Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.	***Explica os puntos fundamentais dos réximes soviéticos e do Estado de Benestar en Europa.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB7.1.2-Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	Recoñece algúns dos principais cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB7.2.1-Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.	Non é necesario.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB7.3.1-Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco	***Explica a posguerra, a represión e as fases da ditadura franquista.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB7.3.2-Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	Comprende o concepto de Memoria Histórica.	1.58 %
BLOQUE 8. O MUNDO RECENTE ENTRE OS SÉCULOS XX E XXI				
4º	XH	4º-XHB8.1.1-Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época	Comprende e sinala os cambios do mapa de Europa.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB8.1.2-Comprende os proles e contras do estado do benestar.	Comprende pros e contras do Estado de Benestar.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB8.2.1-Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.	***Comprende e explica a caída da URSS e as súas consecuencias.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB8.3.1-Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.	***Comprende e explica a transición española, incluíndo causas, consecuencias e significación.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB8.3.2-Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na	***Comprende e explica os principais fitos da Transición española.	1.58 %

		sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc		
4º	XH	4º-XHB8.3.3-Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	***Comprende e explica o problema do terrorismo en España.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB8.4.1-Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.	***Comprende e explica a construción e Historia da UE.	1.58 %
BLOQUE 9. A REVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E A GLOBALIZACIÓN A FINAIS DO SÉCULO XX E PRINCIPIOS DO XXI				
4º	XH	4º-XHB9.1.1- Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.	Comprende as novas da prensa.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB9.1.2-Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.	Pode participar nun debate ou conversa sobre eurocentrismo e globalización.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB9.2.1-Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.	Fai un análise crítico das novas tecnoloxías e a súa implantación.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB9.3.1-Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.	Pode crear contido sinxelo sobre os aspectos sociais da globalización.	1.58 %
BLOQUE 10. A RELACIÓN ENTRE O PASADO, O PRESENTE E O FUTURO A TRAVÉS DA HISTORIA E A XEOGRAFÍA				
4º	XH	4º-XHB10.1.1-Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgúns consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.	***Comprende o alcance do quecemento global.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB10.1.2-Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.	Comprende a evolución europea dos séculos XX-XXI.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB10.1.3-Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	Pode compara a revolución industrial coa tecnolóxica.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB10.2.1-Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	***Ordena cronoloxicamente os principios feitos históricos.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB10.2.2-Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	***Realiza eixes cronolóxicos sinxelos.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB10.3.1-Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	***Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	1.58 %
4º	XH	4º-XHB10.4.1-Utiliza con fluidez e precisión o	***Utiliza con corrección o vocabulario histórico	1.58 %

	vocabulario histórico e artístico necesario.	artístico necesario.	
--	--	----------------------	--

Ademais, por decisión do claustro engadimos os seguintes estándares aplicables a todos os cursos en distinto nivel de esixencia:

Exprésase de forma escrita con corrección ortográfica, sen cometer erros importantes tanto na escritura de letras, na acentuación gráfica ou co emprego dos signos de puntuación.

Exprésase tanto de forma oral como escrita con corrección léxica e gramatical (vocabulario axeitado, concordancia e uso correcto das formas verbais, cohesión e coherencia textual, e evita repeticións).

Presenta os traballos escritos atendendo a unha correcta caligrafía e presentación (pulcritude, marxes, parágrafos, separación entre parágrafos e letras, ou borrachóns).

1.4.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe

Segundo o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño*, os **estándares de aprendizaxe** avaliábeles son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Polo tanto, deben ser observables, medibles e avaliábeles, para poder determinar aquilo que se quere valorar e o que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, facilitando, dese modo, o deseño de probas estandarizadas e comparables.

A nosa PD, debido ao seu propósito de garantir que o proceso de ensino-aprendizaxe teña un carácter inclusivo, é dicir, contribúa á individualización do proceso de ensino-aprendizaxe e adopte as medidas necesarias para atender ás características específicas do noso alumnado, establece unha diferenciación no nivel de adquisición dos estándares de aprendizaxe. Así pois, determinamos graos de consecución dos estándares en función da súa relevancia para que o alumnado poida continuar o proceso de ensino-aprendizaxe na nosa materia. O alumnado, desta forma, será avaliado tendo en conta os seguintes criterios:

Escala de valoración da consecución dos estándares de aprendizaxe			
Excelente	Avanzado	Aprendiz	Novel
Grao mínimo de consecución	Grao mínimo de consecución	Grao mínimo de consecución	Grao mínimo de consecución
100%	75%	50%	25%

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Probas inicial escrita ou preguntas orais para detectar o punto de partida de cada un dos alumnos, e as súas posibles carencias e necesidades.

Rutinas de pensamento para detectar o punto de partida de cada un dos alumnos, e as súas posibles carencias e necesidades.

Chuvias de ideas para iniciar a sesión de traballo, motivar ao grupo e obter unha conclusión grupal en relación a un problema que involucra a todo o grupo.

Os instrumentos e os procedementos de avaliación a utilizar na área serán variados para atender aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, entre os que destacamos os seguintes:

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
Caderno do alumno. Traballo trimestral individual. Traballo trimestral colaborativo con ferramenta dixital. Exposicións de traballos. Probas de contidos.	Observación e seguimento diario do traballo individual e grupal (anotación no diario ou caderno de aula do profesor e escalas de observación). Análise e valoración do traballos trimestrais individuais mediante rubricas, autoavaliación mediante cuestionarios e coavaliación grupal. Análise e valoración do traballos trimestrais colaborativos mediante rúbricas, autoavaliación mediante cuestionarios e coavaliación grupal. Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).

TÉCNICAS DE OBSERVACIÓN (*Valoración cualitativa*):

- **Diario de clase do profesor:** recolle a observación directa do traballo diario dun alumno/a cada día, tanto da clase como o desenvolvido na casa (actitude responsable nas actividades tanto individuais como colaborativas, atención ao seguimento das explicacións da clase, respecto ao profesorado e os compañeiros de clase, amosa esforzo persoal e interese polo traballo na clase, ten ilusión por aprender, participa activamente na clase, realización, presentación e finalización ou non dos traballos e exercicios de calquera tipo, entrega de traballos exercicios no tempo asignado, autocorrección, participación nas tarefas en grupo, orden, organización, limpeza e claridade na caligrafía dos traballos, apuntes e exercicios de clase, trae o material necesario e solicitado para utilizar na aula, utiliza os conceptos explicados, etc).

- **Escalas de observación:** listaxe de rasgos nos que se anota a presenza /ausencia, e graduase o nivel de consecución do aspecto observado.

- Emprego de **Rúbricas** como elemento primordial para coñecer o grao de desempeño dunha competencia.

REVISIÓN DE TAREFAS DOS ALUMNOS (Valoración cuantitativa):

Análise e valoración dos **traballos individuais**, normalmente de carácter manual e/ou tamén dos **traballos en equipo ou colaborativos/cooperativos**, preferentemente en formato dixital (mediante rúbricas).

Análise dos **cadernos dos alumnos**, mediante unha **escala de observación do caderno** e **rúbricas**.

Elaboración de **portfolios** como dossier no que deben recompilar as actividades realizadas.

PROBAS ESPECÍFICAS (Valoración cuantitativa do avance individual en 1º, 2º, 3º e 4º ESO):

Probas orais e/ou escritas de carácter sumativo, dificilmente avaliábeis por outras vías. Son apropiadas para avaliar conceptos e procedementos. Na súa elaboración, teremos en conta os seguintes criterios:

Axústanse ao traballado na clase as probas de avaliación externa.

Deben terse presentes os estándares de aprendizaxe e as competencias básicas para asignarlles un nivel de logro.

O contido dos exames reflectirán as unidades didácticas tratadas no período.

Sinalarase en cada proba o valor de cada exercicio para a cualificación da mesma.

Realizaranse, polo menos, dúas probas por avaliación, onde se atenderá principalmente a valorar o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e das competencias básicas.

Combinaranse distintos tipos de actividades (redacción de temas, definición de conceptos, relación de conceptos, análise de documentos, exercicios de dedución, corrección de erros en información subministrada, desenvolvemento de dilemas, síntese de información, aplicación de técnicas procedementais, etc), que permitirán poñer de manifesto a asimilación de conceptos, e o grao de consecución das distintas competencias clave. Con estas probas preténdese deixar marxe suficiente para que cada alumno/a poida desenvolver unhas respostas de calidade atendendo as súas especificidades.

AUTOAVALIACIÓN (Valoración cualitativa): permite coñecer as referencias e valoracións que, sobre o proceso, poden proporcionar os alumnos, á vez que lles permite reflexionar sobre o seu propio proceso de aprendizaxe. Require a elaboración de cuestionarios de avaliación breves e variados, mediante os cales se poida averiguar a opinión dos alumnos sobre distintos aspectos.

COAVALIACIÓN (Valoración cualitativa): a coavaliación consiste en avaliar o desempeño dun alumno a través dos seus propios compañeiros. O emprego da coavaliación anima a que os alumnos/as sítanse parte dunha comunidade de aprendizaxe e convida a que participen nos aspectos claves do proceso educativo, facendo xuízos críticos acerca do traballo dos seus compañeiros.

1.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A organización do proceso de ensino e aprendizaxe nos esixe adoptar unha serie de estratexias didácticas e metodolóxicas que orienten a nosa intervención educativa. Hoxe en día, traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico moi importante; o docente pasa a ser un mero xestor de coñecemento do alumnado e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo no proceso de ensino aprendizaxe.

“Apóstase pola práctica dun método de traballo de tipo significativo-activo e construtivista, que combine as necesarias explicación teóricas da profesora coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo”. Polo tanto, o papel da profesora é de ponte en todos os casos, non só no descubrimento, senón tamén noutras estratexias metodolóxicas expositivas ou de indagación. O descubrimento non é a única alternativa á memorización, o descubrimento autónomo nalgúns problemas científicos é unha capacidade que non se da en todos o alumnado e non sempre conclúe en éxito. Unha ensinanza significativa tamén pode transmitir moitos coñecementos científicos que só son accesibles verbalmente.

O método seguido pola profesora axustarase a condicionantes tales como a natureza da área, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos. Despertaremos e manteremos a motivación cara a aprendizaxe no alumnado, o que implica un alumno cun rol activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe. Teremos en conta a atención a diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo, tanto individual como cooperativo (na medida na que a situación actual o permita).

Posto que para potenciar a motivación do alumnado pola aprendizaxe se requiren metodoloxías activas e contextualizadas, nalgúns aspectos da área, optárase por estruturas de **aprendizaxe cooperativo** (AC); pois o traballo en equipo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto. Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar cunha:

Aprendizaxe baseada na indagación (ABI); pois é esencial para o desenvolvemento de habilidades e capacidades: a participación activa dos alumnos/as na adquisición de coñecementos, a capacidade para a resolución de problemas, o

desenvolvemento do pensamento crítico e a habilidade nos procesos das ciencias e as matemáticas.

Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP); pois neste tipo de metodoloxía didáctica as actividades baséanse na investigación e o emprego de ferramentas cognitivas de base tecnolóxica.

Aprendizaxe-servizo (APS). É unha práctica educativa que parte da fusión entre unha intencionalidade pedagóxica e unha intencionalidade solidaria, na que os alumnos e as alumnas aprenden mentres actúan sobre necesidades reais da súa contorna co fin de melloralas.

En concreto, na área de Xeografía e Historia o alumnado deberá desenvolver coñecementos, destrezas e actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes feitos históricos, as súas vantaxes e as implicacións que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

1.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que, na maioría das veces, se basean en soportes escritos ou visuais.

Así, suxerimos o uso dos recursos e materiais seguintes:

Os libros de texto do alumnado (libro tradicional e dixital) para a área de Xeografía e Historia 2º e 4º ESO Ed. Vicens Vives.

Aula Virtual do CPI de Cova Terreña, deseñada a partir da multiplataforma Moodle, (<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/aulavirtual/>), na que se crearon cursos específicos para impartir todos os niveis da materia de Xeografía e Historia, posibilitando deste modo a consulta de materiais e a entrega de traballos. Por medio dos cursos virtuais tamén se poderá establecer o contacto directo entre as docentes e o alumnado grazas ao **servizo de mensaxería** e os **foros de dúbidas e novidades**.

Materiais complementarios e bancos de recursos didácticos das editoriais Santillana, Anaya e Vicens Vives.

Utilización de [repositorios de contidos educativos dixitais](#) (Espazo Abalar, Procomún, Educarex, Cedec, INTEF, Agrega, etc).

Os **recursos fotocopiáveis:** actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación elaborados e deseñados polo profesorado do departamento do CPI de Cova Terreña. Adaptadas aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción de aprendizaxes.

Material visual: mapas, imaxes, liñas do tempo, presentacións (drive, power point, prezi, caples), infografías, posters dixitais.

Material audiovisual: fragmentos de documentais e películas relacionados cos contidos.

Internet, que é hoxe a principal fonte de datos que podemos ter a man, permite o acceso a multitude de recursos virtuais mediante cuxa consulta o alumnado poderá elaborar traballos de investigación a partir da información dispoñible en **revistas especializadas, prensa diaria, documentos e textos históricos, bancos de imaxes con licenzas Creative Commons**, etc.

Google como ferramenta educativa (You Tube, Gmail, Site, Calendar, Drive, Earth, Blogger, ... etc)

Aplicacións interactivas: Kahoot, Quizlet, Los dados de la vida (centrado en aspectos xeográficos relacionados co mundo e as súas desigualdades),

MercápolisI (sobre o comercio e os conflitos coloniais que se orixinaban no Antigo Réxime).

Xogos de simulación dinámicos: actividades que teñen en común o seu carácter lúdico e que permiten reproducir, de forma simplificada, situacións sociais complexas imposibles de crear ou manexar de forma experimental. Son xogos temáticos (carácter xeográfico, económico, histórico, etc.) nos que os alumnos/as (xogadores) interaccionan para resolver un problema. Con eles preténdese demostrar a relevancia que ten a información contida nos libros de texto nas experiencias da vida real.

A dinámica dos cubos: xogo de simulación sobre o sistema de produción e intercambios comerciais entre os países tradicionais e os países en vías de desenvolvemento, co que se pretende que o alumno/a entenda os procesos económicos e sociais ligados a globalización e sexa capaz de presentar propostas de solución aos problemas que se formulan.

Aprendendo na propia pel: xogo de simulación sobre as desigualdades socioeconómicas no mundo, co que se pretende que os alumnos/as reflexionen a partir da súa propia experiencia sobre as desigualdades entre os diferentes países e sobre o sentimento da poboación dos mesmos.

1.7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Resulta fundamental ter presente que a finalidade da avaliación ten que ser formativa, pois trátase de detectar en cada intre como se adaptan os alumnos e as alumnas individualmente ao proceso de ensino-aprendizaxe previsto e corrixir de forma inmediata os erros do mesmo.

No procedemento de avaliación da materia respectaranse os distintos momentos e funcións naturais da avaliación:

Inicial: encamiñada á avaliación do grado de coñecementos e o nivel de competencial acadado polo alumno/a na súa etapa anterior e detectar dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

Formativa: encamiñada á avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe que teñen lugar na práctica educativa, cuxo fin é eminentemente pedagóxico e cuxos

resultados, polo tanto, están expresados en termos de orientacións para a mellora dos procesos.

Sumativa: dirixida a avaliar produtos. Ten, polo tanto, un sentido final dun proceso e un carácter social, xa que emítese un xuízo en canto a consecución de logros e acreditacións.

Para que o proceso de avaliación sexa íntegro, todos os axentes implicados no proceso de aprendizaxe deben ser escoitados. É importante que o alumnado sexa tamén partícipe na avaliación de modo que non soamente avalíe o profesor, como ocorre no ensino tradicional. A avaliación constante, crítica é necesaria nun camiño hacia a excelencia, polo que, pode e debe traballarse co alumnado. Polo tanto, fomentárase a **coavaliación**, que consiste na avaliación do desempeño dun alumno a través da observación e determinacións dos seus propios compañeiros de aprendizaxe. Este tipo de avaliación propón que sexan os propios alumnos, que son os que teñen a misión de aprender, os que avalíen criticamente os coñecementos adquiridos por un compañeiro e que eles deberon aprender oportunamente. A coavaliación proponlles que participen do seu propio proceso de aprendizaxe e do resto dos seus compañeiros a través da expresión de xuízos críticos sobre o traballo dos outros.

Tamén empregárase a **autoavaliación individual ou grupal**, por medio de ferramentas como as rúbricas, que permitan coñecer o nivel de logro de cada estándar. Ademais, como se indicou anteriormente, o alumnado poderá e deberá avaliar o traballo do profesorado cunha **enquisa** que se levará a cabo a finais de curso.

Desde este Departamento óptase por un procedemento de avaliación o máis transparente posible de cara ao alumnado e ás familias, polo que en todo momento se informará tanto dos instrumentos e procedementos como dos criterios de avaliación e cualificación. Consideramos que se o alumnado coñece cales son os estándares de aprendizaxe e como se van avaliar, será máis doado que os acade.

A. AVALIACIÓN INICIAL

Ten importancia crucial a avaliación inicial coa que valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado e realizárase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica ou tema novo.

Un instrumento apropiado para esta avaliación pode ser unha proba inicial escrita ou preguntas orais, pero tamén as tormenta de ideas e as rutinas de pensamento permitirannos ver o grado de coñecementos e o nivel de comprensión acadado polo alumno na súa etapa anterior e nos orientarán cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos indicadores de aprendizaxe previstos, pero tamén

permitiran enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender. Esta avaliación inicial permitirá adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade da aula.

B. AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS (1ª, 2ª e 3ª AVALIACIÓNS)

Planificaranse instrumentos adecuados para coñecer dunha maneira real o que o alumno/a sabe facer e o que non sabe facer respecto a cada un dos estándares de aprendizaxe e poder valorar o nivel de logro, é dicir o grao de consecución acadado polo alumno. Estas avaliacións terán en conta o promedio ponderado entre as probas obxectivas e o traballo persoal do alumnado.

C. AVALIACIÓN ORDINARIA (XUÑO)

Como norma xeral, a cualificación final de xuño será unha media das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións (1ª, 2ª e 3ª avaliación). **A nota media das tres avaliacións deberá ser igual ou superior a 5 para acadar o aprobado da materia en xuño.** Tendo en conta que a avaliación será continua, na avaliación ordinaria van ser apreciados a evolución e o esforzo amosado polo alumno/a ó longo do curso, a súa actitude positiva e o interese pola materia.

D. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (XUÑO)

O alumno será valorado unicamente pola proba escrita a realizar nesta convocatoria. Co fin de superar esta proba, elaboraranse uns plans específicos de recuperación para aquel alumnado que non teña superado a materia en cada avaliación. Esta avaliación coincide coa ordinaria, polo que non se conta con tempo extra para preparala. O alumnado deberá preparala con antelación.

1. 7.1.- Criterios de cualificación

O Departamento de Ciencias Sociais do CPI de Cova Terreña considera como bases fundamentais para a cualificación:

A. Criterios de cualificación nas avaliacións trimestrais (1ª, 2ª e 3ª avaliación)

A nota final dunha avaliación será o promedio ponderado dos aspectos a avaliar, expresados tamén de forma numérica:

En 2º ESO:

A nota de cada avaliación obtérase a partir da suma da valoración do traballo de clase e das probas obxectivas na seguinte proporción:

30% Traballo diario e trimestral: actividades para entregar, exposicións orais, informes, participación na clase, o esforzo e o interese pola materia.

70% Exames ou probas obxectivas. A materia será avaliada mediante dous exames parciais.

O resultado da **media ponderada** correspondente ás probas escritas (70%) e o traballo diario e trimestral (30%) debe ser de igual ou **superior a 5 puntos.**

O alumnado ten que **presentar os traballos trimestrais obrigatorios e o caderno de traballo no prazo estipulado** para que estes sexan avaliados. De igual

modo, é necesario realizar todas as probas específicas de contidos e procedementos. Neste sentido, no caso de que un alumno/a non presente en prazo os traballos, o caderno, ou non se presente a algunha proba específica de contidos e procedementos, deberá xustificar legalmente esta ausencia (tal e como se establece nas normas do centro). De non ser así, constará como non presentado e o alumno non poderá obter a cualificación de aprobado. Independentemente da media no resto das cualificacións, acadará como máximo unha cualificación de 4 puntos.

Segundo os estándares de avaliación engadidos por decisión de claustro aplicarase na corrección tanto de traballos como de exames a baixada de 0'05 puntos por cada erro ortográfico ou gramatical, así como de ata 0'25 puntos por mala presentación.

En 4º ESO:

A nota de cada avaliación obtérase a partir da suma da valoración do traballo de clase e das probas na seguinte proporción:

20% Exercicios de clase, actividades para entregar, exposicións, traballos, etc.

80% Exames ou probas escritas. Dous por avaliación.

Para poder engadir a nota das actividades é necesario aprobar os dous exames.

Para poder facer media entre os exames é necesario que o alumnado aprobe os dous.

Os erros ortográficos nos exames descontan 0'1 por falta como medida estimuladora cara a que o alumnado mellore a escritura.

Para redondear seguimos as seguinte regra: a nota dos alumnos corresponde co número obtido ata chegar ao decimal 0'75 a partir do cal se a profesora o considera pola actitude do alumno poderá subir ao seguinte número enteiro.

Os **traballos e actividades** teñen que ser **orixinais** do alumno que os firma ou entrega, no caso de non selo, o alumno suspenderá a avaliación.

Valorarase tamén:

Realización e corrección de exercicios diarios

Interese pola materia, participación na clase, atención..

Unha boa redacción, a ortografía e a puntuación

Limpeza e presentación, tanto dos exercicios coma dos exames.

Segundo os estándares de avaliación engadidos por decisión de claustro aplicarase na corrección tanto de traballos como de exames a baixada de 0'1 puntos por cada erro ortográfico ou gramatical, así como de ata 0'25 puntos por mala presentación.

B. Recuperacións

Ao rematar cada avaliación a profesora ofrecerá a posibilidade de recuperar a materia da avaliación ao alumnado que suspendera.

Nas recuperacións **a nota dependerá igualmente do exame e do traballo trimestral**, polo que o alumnado que non tivese entregado os traballos obrigatorios correspondentes á avaliación suspensa, ademais de preparar o exame terá que recuperar o traballo trimestral por medio de tarefas extraordinarias indicados pola profesora para o reforzo e mellora da aprendizaxe. É preciso sinalar que a porcentaxe da nota destes tarefas de recuperación será equivalente á dos traballos que non foron entregados no prazo correspondente.

Aqueles **alumnos/as que sexan intervidos copiando nun exame non poderán obter unha cualificación de aprobado**. Independentemente da media no resto das cualificacións, acadará como máximo unha cualificación de 4 puntos.

1.7.2.- Criterios de cualificación na avaliación ordinaria (xuño)

A. Como norma xeral, a cualificación final de xuño será o resultado da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións (1ª, 2ª e 3ª avaliación). **A nota media das tres avaliacións e/ou das súas respectivas recuperacións, deberá ser igual ou superior a 5 para acadar o aprobado da materia en xuño**. Tendo en conta que a avaliación será continua, nesta cualificación final van ser apreciados a evolución e o esforzo amosado polo alumno/a ó longo do curso, a súa actitude positiva e o claro interese pola materia.

B. Para obter o aprobado na avaliación ordinaria, os alumnos **non poderán ter unha nota inferior a 4 puntos en ningunha das avaliacións trimestrais (1ª, 2ª e 3ª avaliación) e/ou nas súas respectivas recuperacións**. Neste caso, independentemente de que a media das avaliacións trimestrais sexa igual ou superior a 5 puntos, o alumno/a acadará como máximo unha cualificación de 4 puntos na avaliación ordinaria. Polo que, o alumno/a, terá que realizar unha proba extraordinaria en xuño.

C. Como medida de atención a diversidade, os alumnos/as que non acadan o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeles, poderán presentarse a unha **proba de recuperación trimestral** que terá lugar ao finalizar a avaliación correspondente, computando o seu resultado para o cálculo da nota da avaliación ordinaria de xuño.

D. Como medida de atención a diversidade, os alumnos/as que non acadan o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeles nas probas de recuperación trimestral, poderán presentarse a unha **proba final de xuño**, previa á avaliación ordinaria, que se realizará na terceira avaliación, computando o seu resultado para o cálculo da nota da avaliación ordinaria de xuño. Realizarase seguindo os seguintes **criterios**:

Se o alumno/a ten unha avaliación suspensa, poderá realizar un **exame de recuperación en xuño de dita avaliación** (100% nota de exame). A nota obtida será utilizada para realizar a media co resto das avaliacións, sempre e cando sexa superior a propia nota da avaliación a recuperar (con decimais). Deberá tamén ser superior a 4

puntos, condición necesaria para obter o aprobado na avaliación ordinaria (tal e como se especifica no apartado b dos criterios de cualificación da avaliación ordinaria).

No caso de ter máis dunha avaliación suspensa o alumno/a poderá presentarse a un **exame global de recuperación** (100% nota de exame), no que será avaliado dos contidos do curso. Deberá obter unha cualificación mínima de 5 puntos nesta proba para obter o aprobado na avaliación ordinaria. Neste caso, independentemente da nota obtida nesta proba, a nota máxima que poderá obter na avaliación ordinaria será de 5 puntos.

No caso dos alumnos/as que teñan algunha avaliación suspensa cunha puntuación de 4 puntos, **non terán que presentarse a recuperación de xuño, sempre e cando a media das tres avaliacións sexa de 5 puntos o superior**. No caso de que a media das avaliacións sexa menor de 5 puntos, terán que recuperar a nota das avaliacións suspensas para obter a media esixida para o aprobado.

1.7.3.- Criterios de promoción

O alumno/a aprobará a materia sempre e cando se comprobe, mediante os mecanismos antes especificados, que acadou os obxectivos de etapa, o grao mínimo consecución dos estándares de aprendizaxe avaliados, expresados nesta programación, e que acadou un certo grao de desenvolvemento ou adquisición de cada unha das sete competencias clave indispensables para alcanzar un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional.

A efectos de promoción e/ou titulación terase en conta a lexislación vivente:

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Segundo o *Artigo 28* da lexislación mencionada anteriormente, establécense os seguintes criterios relativos á avaliación e promoción:

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.
2. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro serán adoptadas de forma colexiada polo equipo docente, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumno ou alumna.
3. Para os efectos do disposto no número anterior, os alumnos e alumnas promocionarán de curso cando o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lles permita seguir con éxito o curso seguinte e se xulgue que ten expectativas favorables de recuperación e que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica. En todo caso, promocionará quen alcanzase os obxectivos das materias ou ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias. Os proxectos educativos dos centros regularán as actuacións do equipo docente responsable da avaliación, de acordo co establecido polas administracións educativas.

4. Quen promociione sen superar todas as materias seguirá os plans de reforzo que estableza o equipo docente, que revisará periodicamente a aplicación personalizada deles en diferentes momentos do curso académico e, en todo caso, ao finalizar este.

5. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para solucionar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna. En todo caso, o alumno ou alumna poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. Independentemente de que se esgotase o máximo de permanencias, de forma excepcional no cuarto curso poderase permanecer nel un ano máis, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.

1.8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE

Un dos aspectos que non podemos esquecer é a autoavaliación da nosa práctica docente e do proceso de ensino. Polo tanto, é necesario ter en conta unha serie de indicadores de logro que nos servirán para comprobar o funcionamento da propia programación e valorar o proceso de ensino-aprendizaxe e a nosa práctica docente.

Así para analizar o proceso de ensino e aprendizaxe e a nosa práctica docente é salientable a realización de cuestionarios de autoavaliación do proceso de ensinanza e aprendizaxe e dunha enquisa, na que o alumnado poderá e deberá avaliar o traballo do profesorado.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	ESCALA		
	1	2	3
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.			
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.			
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.			
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.			
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.			
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.			
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.			
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.			
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.			
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.			

Indicadores de logro da práctica docente

ESCALA

	1	2	3
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.			
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.			
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.			
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.			
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
6. Combínase o traballo individual e en equipo.			
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.			
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.			
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino–aprendizaxe.			
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.			
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.			
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.			
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.			
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.			
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.			
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.			
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...			

O paso seguinte sería representalos graficamente, interpretalos e debatelos nas reunións do departamento, tendo en conta as debilidades e fortalezas, e tratar de establecer propostas de mellora concretas.

1.9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Durante o presente curso escolar o departamento porá en marcha un plan de traballo de materias pendentes que consiste na realización dun boletín de actividade de reforzo (de carácter obrigatorio) que, esixe constancia e esforzo por parte dos alumnos/as coa materia de Xeografía e Historia pendente de cursos anteriores. Este plan está encamiñado a que o alumnado poida alcanzar o grao mínimo de consecucións dos estándares de aprendizaxe e un grao competencial, que lle permita superar unha serie de actividades ou/e probas obxectivas.

Ademais, cada alumno terá unha ficha personalizada coa información do plan de reforzo sobre a materia a recuperar.

Os alumnos/as que pasen a 2º, 3º ou 4º de ESO con materia(s) pendente(s) deste departamento teñen dúas opción de recuperalas:

OPCIÓN A: ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DO BOLETÍN DE ACTIVIDADES DE REFORZO E APOIO (1ª, 2ª e 3ª avaliación de pendentes) seguindo as **normas** establecidas:

Coidado na presentación. Orde, limpeza, marxes, normas ortográficas, uso de bolígrafo azul ou negro, nome apelidos e grupo da alumna/o, elaboración das respostas.

Respostas precisas cando estas se requiran e respostas elaboradas con antecedentes e consecuentes cando a pregunta faga referencias a procesos.

Contestar todo o que se pregunta, xa que son os mínimos os que se preguntan.

A elaboración do caderno ten que ser AUTORÍA do alumno/a coa materia pendente.

Entrega dos boletíns dentro das datas propostas polo departamento.

Acadar a cualificación de aprobado no boletín de actividades de reforzo realizado polo alumno/a. Esta ten que ser igual ou superior a 5 (a nota máxima será 5).

Os alumnos/as que non acaden o aprobado no boletín de actividades de reforzo ou non presenten o boletín de actividades de reforzo de pendentes teñen que presentarse a convocatoria ordinaria (maio) e/ou convocatoria extraordinaria convocadas por xefatura de estudos.

OPCIÓN B: PRESENTACIÓN A UNHA PROBA ESCRITA GLOBAL NA CONVOCATORIA ORDINARIA (maio), cuxa cualificación estará entre 0 e 10 e para cuxa superación será preciso alcanzar unha cualificación igual ou superior a 5 (nota máxima 5).

1.10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao principio deste curso (setembro-outubro) se realizará unha proba escrita para ver o grado de coñecementos e o nivel de comprensión acadado polo alumno na súa etapa anterior. Esta avaliación inicial permitirá adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade da aula.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos; a partir dela poderemos:

Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual).

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes alumnos/as.

Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor(a).

1.11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Unha vez levada a cabo a avaliación inicial e detectado o nivel do alumno/a e as súas dificultades de aprendizaxe, iranse adoptando unha serie de medidas de atención á diversidade que permitirán a todos os alumnos progresar na adquisición das capacidades desta etapa educativa.

Como medidas de atención á diversidade destacaremos as seguintes:

As adaptacións curriculares significativas: deseñaranse tendo en conta os criterios e obxectivos da etapa, e adaptados ás necesidades do alumno.

As adaptacións non significativas (tempos, modelo de exame, etc.)

Tarefas de reforzo educativo cando algún alumno/a precise afondar na adquisición dunha estratexia de aprendizaxe, concepto ou procedemento, a través dunha introdución máis básica, unha secuenciación de traballo máis lenta ou un reforzo de exercicios.

Tarefas de ampliación para alumnos/as que admitan máis “input” del tipo que sea, a través dunha selección de lecturas e de ampliación de actividades.

Recuperacións trimestrais e en xuño.

Ademais, aplicarase o programa de recuperación do alumnado pendente, especificado no apartado 1.9. desta programación.

1.12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NA ÁREA

O carácter global e integrador do currículo da ESO implica que, en tódalas áreas, estean presentes unha serie de temas de tratamento xeral ó longo do correspondente desenvolvemento curricular. Como se porá de manifesto ao longo do curso, abordar a área de Xeografía e Historia presenta numerosas oportunidades para dar un enfoque transversal ao desenvolvemento das distintas unidades didácticas.

Os temas transversais a traballar son basicamente os seguintes: a educación moral e cívica, a educación para os dereitos humanos e a paz, a educación para a igualdade entre os sexos, e a educación ambiental e do consumidor. En relación cos temas transversais, esta área presenta os seguintes obxectivos:

Educación moral e cívica:
<ul style="list-style-type: none"> - Analizar e estudar problemas con dimensión moral do mundo contemporáneo: gasto armamentístico, problemas de refuxiados e emigrantes, desigualdades ricos-pobres... - Valorar a democracia como o mellor sistema para solucionar problemas de conflictividade social e política. - Desenvolver actitudes dialogantes para potenciar a tolerancia e o respecto das ideas, crenzas ou costumes diferentes ás propias. - Formarse un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades actuais en xeral e galega en particular. - Coñecer e valorar os máis destacados proxectos éticos contemporáneos concretados nas súas actuacións no noso contorno máis inmediato e na súa proxección internacional: loita polos dereitos humanos, feminismo, pacifismo, ecoloxismo...
Educación para os dereitos humanos e a paz:
<ul style="list-style-type: none"> - Apreciar os dereitos e as liberdades humanos como dereitos irrenunciabes da humanidade. - Promover actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e culturas. - Desenvolver actitudes de rexeitamento ante as desigualdades sociais e económicas dos individuos e dos colectivos sociais. - Participar en debates con actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias e empregando o diálogo como medio de resolución das diferencias de actitude e de pensamento. - Analizar conflitos socio-políticos actuais con actitude crítica e construtivista, fuxindo de posicións e solucións maniqueas. - Coñecer e valorar o papel das organizacións supranacionais e non gobernamentais na defensa da paz e da cooperación cos colectivos máis desfavorecidos.
Educación para a igualdade entre os sexos:
<ul style="list-style-type: none"> - Corrixir xuizos sexistas, dando un tratamento equilibrado ó papel desempeñado polos homes e as mulleres no desenvolvemento dos acontecementos históricos. - Lograr e consolidar hábitos non discriminatorios na explicación dos procesos da Historia contemporánea. - Coñecer e valorar a loita das mulleres polos seus dereitos. - Elaboración de xuizos críticos sobre situacións de discriminación por razón de sexo, fuxindo de explicacións simplistas e/ou maniqueas.
Educación ambiental e do consumidor:
<ul style="list-style-type: none"> - Analizar os valores e problemas da sociedade industrial e posindustrial e a súa repercusión no medio ambiente (perda de biodiversidade, cambio climático, ...) e na calidade de vida. - Valorar e respectar o patrimonio ambiental e histórico-cultural, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

Ao tratarse de contidos que responden a unha demanda da sociedade, estarán presentes ao longo do curso fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que, polas súas características, sexan máis acordes.

O departamento implicarase nas actividades, tanto diarias como aquelas ofertadas polo centro, por exemplo, nas conmemoracións ou participación en programas que favorezan a convivencia dos membros da comunidade escolar. Ademais, implicarase no deseño e preparación de actividades complementarias e extraescolares nas que, xunto

coa compoñente didáctica, coexista a compoñente de motivación, integración, interrelación e mellora da convivencia entre os alumnos.

1.13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO E SOLICITUDE DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

O departamento implícase de forma activa no **Plan de Igualdade** e no **Proxecto Lingüístico de Centro** a través de distintas accións durante o curso, así como na posta ao día do alumnado para dominar as **TIC** necesarias para o seu día a día e para poder realizar satisfactoriamente o traballo a distancia se fora necesario.

Os membros deste departamento solicitan a participación/coordinación nos programas de **Meteoescolas**, **Inclúe-T**, **Aprendo programando** e **Apuntámonos a non beber**. Ademais colaboramos cos seguintes programas: **Programa Cívico-Tributario**, **Educación en Xustiza**, **Finanzas para Mortais** e **Proxecto Depoemprende**.

SAÍDAS DIDÁCTICAS

Na medida do posible, estas saídas pedagóxicas propondranse como traballo interdisciplinar e en colaboración con outros departamentos. A súa temporalización pode variar dependendo da súa adaptación a diversos factores (condicións sanitarias, procesos de avaliación, coordinación entre distintos departamentos, etc.).

TRIMESTRE	ACTIVIDADE	CURSO
1º TRIMESTRE	<p>Visita guiada a Tui (catedral, xudaría e centro histórico medieval)</p> <p>-Saída para colaborar cunha entidade humanitaria como o Banco de Alimentos.</p> <p>-Saída aos xulgados de Vigo. (Programa Educación en Xustiza)</p>	<p>2º ESO</p> <p>4º ESO (IAEE e Economía)</p> <p>3º ESO</p>
2º TRIMESTRE	<p>-Museo Provincial de Pontevedra (en colaboración cos Departamentos de LLG e EF)</p> <p>- Visita a unha empresa (por exemplo Marine Instruments, no Porto do Molle, aínda sen confirmar)</p>	<p>4º ESO</p> <p>4º ESO (IAEE e Economía)</p>
3º TRIMESTRE	<p>- Visita á Santiago de Compostela (Pórtico da Gloria e cubertas da Catedral)</p> <p>Estación Arqueolóxica do Outeiro dos Lameiros (Baiona)</p> <p>-Visita ao Parque Nacional Peneda-Xurés (restos arqueolóxicos)</p> <p>. Centro de Formación profesional en Vigo</p>	<p>3º ESO</p> <p>1º ESO</p> <p>1º ESO</p>

	-Visita guiada ao Mosteiro de Oia	4º ESO (IAEE e Economía) 2º e 4º ESO
--	-----------------------------------	---

1.14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Cada trimestre o departamento analizará as estatísticas que, sobre os resultados elabora xefatura de estudos. Prestará especial atención aos grupos coas cifras menos satisfactorias e procederá a indagar sobre as posibles razóns; para isto se elaborarán cuestionarios, para ser cumprimentados polos alumnos, en torno aos materiais, distribución temporal, destrezas traballadas, metodoloxía e outros aspectos da programación.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

- Periodicidade coa que se revisará.
- Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.
- Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Indicadores	ESCALA		
	1	2	3
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.			
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.			
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.			
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.			
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.			
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.			
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.			

8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.			
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.			
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.			
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.			
12. Adecuación do libro de texto.			
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado			
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.			
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.			
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.			
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.			
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.			
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.			
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.			
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.			
22. Adecuación dos programas de recuperación, vinculados aos estándares.			
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.			
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.			
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.			
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.			
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.			
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.			
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.			

1.15.- PROPOSTAS DE MELLORA

Motivado polos resultados obtidos nas diversas avaliacións e a avaliación de diagnóstico (curso escolar 2021/22) iniciouse unha análise e valoración dos resultados da avaliación do rendemento académico do alumnado, que foi incluído na memoria final de curso coas propostas de mellora correspondentes. Ditas propostas de mellora son:

Incidir nas competencias clave: Competencia lingüística e aprender a aprender. Como se indicou anteriormente, as dificultades na competencia de lectoescritura e o emprego de técnicas de estudo inadecuadas dificultan a consecución dos estándares de aprendizaxe.

Incidir no estudo do medio físico e dos mapas políticos: o alumnado incorpórase á educación secundaria sen coñecementos previos sobre o medio físico (relevo, clima e vexetación) e sobre a organización territorial de España e Europa, e o seu reforzo nos cursos de 2º e 3º ESO faise evidente para poder

consolidar o aprendido. Prestarase especial atención ao medio físico e político de Europa e España.

En **1º ESO** e **2º ESO** de **Xeografía e Historia** sería preciso incidir na práctica da expresión escrita, posto que en xeral obsérvanse entre o alumnado dificultades para redactar pequenos textos explicativos facendo uso dunha linguaxe propia na que se integre vocabulario específico dos contidos traballados. A mellora na expresión escrita podería levarse a cabo a través da implantación de libros de lectura que os alumnos e alumnas traballasen mediante a súa comparación coa teoría que é explicada nas clases. Non obstante, non se recomendaría máis dun libro de lectura por curso escolar, posto que o alumnado xa dispón de varias lecturas obrigatorias noutras materias.

En **3º ESO** e **4º ESO** de **Xeografía e Historia** ademais do anterior é preciso mellorar a comprensión escrita, a organización das ideas e creación de esquemas e mapas conceptuais.

En todos os niveis e materias impartidas neste departamento sería preciso aplicar unha metodoloxía específica para evitar a repetición dos erros de ortografía, xa que estes son moi abundantes e non consideramos que a penalización na nota sexa suficiente para subsanar o problema. Neste sentido, propónse a posibilidade de que o alumnado que presenta moitos erros ortográficos poida mellorar a puntuación obtida nas probas escritas mediante a entrega de traballos específicos nos que se amose un bo uso da ortografía.

Por último, debido á implantación da LOMLOE nos cursos impares a partir do vindeiro curso escolar, é preciso adaptar os contidos do bloque de historia nos niveis de 2º e 3º ESO, xa que estes presentan notables modificacións. Deste xeito, ao alumnado que curse 2º e 3º ESO no 2022/23 tería que ver o período da Idade Moderna, xa que está ausente nos contidos oficiais.

2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL. 4º ESO

2.1. INTRODUCCIÓN

A área de **Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial** é moi importante, pois contribúe a formar, teóricamente e de xeito práctico, a cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento. Asemade persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

2.2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O Departamento de Xeografía e Historia parte do convicción de que os profundos e rápidos cambios que experimenta a sociedade do século XXI e o mundo do coñecemento

e da tecnoloxía, esixen novos enfoques de aprendizaxe nos centros educativos, tal e como amosan as últimas políticas educativas tanto nacionais coma supranacionais.

A [recomendación 2006/962/EC](#) do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente promovía xa, fai case unha década, a potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento ao tradicional aprendizaxe por contidos. Ademais, na propia lexislación educativa do Estado español, a Lei Orgánica 2/2006 de Educación modificada pola Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade do Ensino, aposta tamén por este enfoque competencial.

Na presente programación didáctica, e seguindo coa lexislación vixente en ESO (LOMCE), no plano didáctico, a área de IAEE contribúe á consecución das sete competencias clave, aprendizaxes que se consideran imprescindibles e que o alumno/a debe desenvolver ó finalizar esta etapa obrigatoria, para o logro da súa realización persoal, o exercicio da cidadanía activa, a súa incorporación satisfactoria á vida adulta, a inclusión social, o emprego e o desenvolvemento dun aprendizaxe permanente ó longo da vida.

Pola súa mesma natureza as competencias clave teñen un carácter transversal; polo tanto, cada unha delas se alcanza a partir do traballo nas diferentes áreas da etapa.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender. Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

A continuación identifícanse as sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes vinculadas a cada unha delas:

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Desde a área contribúese ao desenvolvemento desta competencia aplicando o razoamento lóxico e a adquisición de diferentes elementos para o bo desempeño do alumnado nela, con accións como a planificación de gastos e ingresos, o cálculo de beneficios ou perdas, a elaboración dun plan de negocio e a análise da viabilidade, a confección dun plan de comercialización... E todo iso a través da observación do contorno, da súa análise e da realización de diversas formulacións para un desenvolvemento sostible.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.

- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.

Competencia lingüística (CL). Importante para o desenvolvemento desta competencia é a adquisición de destrezas básicas como a lectura, a conversación e a escritura, para levar a cabo diferentes tarefas, consideradas desde a área de participación, en situacións de comunicación de grupo, expresión de ideas, elaboración dun plan de negocio, listaxe de tarefas para desenvolver a actividade do plan de empresa, xeración de diferentes documentos administrativos necesarios, comprensión de diferentes documentos... As actitudes e os valores desta competencia veranse en diferentes tarefas, nas que se fomentará o respecto ás opinións dos demais e o desenvolvemento do espírito crítico.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital (CD). Na actualidade, é necesario o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para diferentes ámbitos das nosas vidas, como traballo, ocio, aprendizaxe, participación na sociedade, etc. É fundamental coñecer o uso de varias aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información... todo iso desenvolverase nas diferentes tarefas propostas, tanto individuais coma grupais, nas que se requira consultar páxinas webs para obter información ou xerar documentos relacionados co plan de empresa, así como tarefas de carácter administrativo, mediante a utilización de diferentes programas de xestión, na presentación-defensa de traballos a través da utilización de varios medios e formatos dixitais, e na publicitación do que queiramos transmitir. Por todo iso, formularanse tarefas nas que se necesite o uso dos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha actitude activa, segura e crítica cara a estes.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC). A expresión cultural é fundamental para o desenvolvemento de aptitudes creativas que poidamos trasladar a varios contextos profesionais. Desde a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e

Empresarial podemos adestrar diferentes aspectos, como a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas e experiencias a través de distintos medios.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencia social e cívica (CSC). A materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial é fundamental para a adquisición da competencia CSC, xa que na resolución de moitas das súas tarefas requírense destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintas contornas sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. En definitiva, os alumnos e alumnas deben ser capaces de xestionar un comportamento de respecto ás diferenzas expresado de maneira construtiva.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). A área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial céntrase sobre todo no desenvolvemento desta competencia, a cal implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Competencia para aprender a aprender (CAA). A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe do día a día do noso alumnado nos diferentes contextos nos que se encontre. Desde esta área adestramos aspectos como a capacidade para iniciar, organizar e persistir no proxecto empresarial, polo que esixe que o alumnado se motive para levar a cabo as diferentes accións, recoñeza as súas fortalezas e as aproveite, coñeza e controle os procesos levados a cabo, utilice diferentes estratexias para o coñecemento dos aspectos relacionados coa autonomía persoal, así como que coñeza os mecanismos de creación de empresas e as finanzas e desenvolva o seu pensamento crítico e creativo para o descubrimento de novas posibilidades. Todo iso co obxectivo de mellorar o noso contorno e avaliar se se alcanzan os obxectivos preestablecidos.

Os descritores que adestraremos son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

2.3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS CURRICULARES

Na materia de Iniciación á Actividade Empresarial e Emprendedora os obxectivos a conseguir son os seguintes:

Identificar as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.

Investigar con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.

Deseñar un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

Identificar as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.

Distinguir os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.

Descrivir as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigas de persoas traballadoras e persoas empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas contingencias cubertas e describindo as prestacións mediante buscas nas webs institucionais.

Identificar as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis relevantes no ámbito indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.

Determinar a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.

Identificar as características internas e externas do proxecto de empresa así como os elementos que constitúen a rede desta: mercado, provedores, clientes, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, e outros.

Descrivir a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.

Manexar como usuario ou usuaria a nivel básico a aplicación informática de control e seguimento de clientes, provedores e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información do proxecto de empresa.

Transmitir información entre as distintas áreas e a clientes internos e externos do proxecto de empresa recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación e aplicando o tratamento protocolario adecuado mediante medios telemáticos e presenciais.

Crear materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa incluíndo un plan de comunicación en internet e en redes sociais aplicando os principios da mercadotecnia.

Desempeñar tarefas de produción e/ou comercialización no proxecto de empresa tomando decisións, traballando en equipo e cumprindo os prazos e obxectivos e propoñendo melloras segundo un plan de control prefixado.

Recompilar datos sobre os diferentes apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo coma do territorial, nacional ou europeo seleccionando as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.

Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoo coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.

Enumerar as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando por vía telemática os principais documentos que se derivan da posta en funcionamento.

Valorar as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.

Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas relacionadas nun balance de situación.

Caracterizar de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.

Presentar un estudo de viabilidade económico-financieira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo do contorno mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando ratios financeiras básicas.

Analizar os produtos financeiros máis adecuados de entre as entidades financeiras do contorno para cada tipo de empresa valorando o custo e o risco de cada un deles e seleccionando os máis adecuado para o proxecto de empresa.

Identificar as obrigas fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

2.4.- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

2.4.1.- Secuenciación e temporalización

Na seguinte táboa visualízase unha concreción dos aspectos curriculares das unidades temáticas que conforman a materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial:

AVALIACIÓN	BLOQUE	UNIDADES DIDÁCTICAS	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN	
				MES	SESIÓNS
1ª AVALIACIÓN	"Autonomía persoal, liderado e innovación"	UD 1 O itinerario formativo e profesional.	<ul style="list-style-type: none"> A empresa na sociedade. O carácter emprendedor. 		
	Este bloque céntrase na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora,	UD 2 As relacións laborais. UD 3 A iniciativa emprendedora.	As áreas de actividade profesional. <ul style="list-style-type: none"> A carreira profesional. Oferta e demanda de traballo. A relación laboral. O contrato de 	Outubro-décembro	21

	no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a.		traballo. <ul style="list-style-type: none"> • A negociación colectiva. • Que é a Seguridade Social? 		
			10. O Réxime Xeral da Seguridade Social.		
			11. Réxime Especial de Traballadores Autónomos.		
			12. Riscos laborais.		

2ª AVALIACIÓN	<p>"Proxecto de empresa"</p> <p>No segundo bloque de contidos repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente.</p>	<p>UD 4 O proxecto emprendedor.</p> <p>UD5 O emprendemento e o mercado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A idea de negocio. • Elementos e estrutura da empresa. • O plan de empresa (I). • O plan de empresa (II) A contabilidade como medida do patrimonio. • Documentos comerciais. • A información de recursos humanos. 7. O arquivo. 8. O proceso produtivo. 9. Valor e mercadotecnia. 10. A promoción. 11. Axudas á creación de empresas. 	Xaneiro-abril	21
3ª AVALIACIÓN	"Finanzas"	UD 6 A construción da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> • A forma xurídica da empresa. • Trámites e autónomos. 		

	<p>Este bloque analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.</p>	<p>UD 7 As fontes de financiación. UD 8 Os impostos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Trámites e sociedades. • A sociedade limitada expresa. • Os investimentos na empresa. • As fontes de financiamento (I). • As fontes de financiamento (II). • Outras formas de financiamento. • A planificación financeira (I). • A planificación financeira (II). • VAN, TIR e limiar de rendibilidade. 12. Ratios. Impostos. 	<p>Abril-xuño</p>	<p style="color: red;">14</p>
--	--	---	--	-------------------	-------------------------------

2.4.2.- Grao mínimo de consecución para superar a materia

A continuación, establécese a relación entre os indicadores de logro e cada un dos estándares de aprendizaxe avaliados, é dicir, especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer na materia. Os estándares básicos están indicados na columna do Grao mínimo (indicador de logro) con tres asteriscos (***):

PERFIL DE ÁREA				
Área:		IAEE		
Nivel 4º ESO	Área	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo (indicador de logro)	Peso (%)
4º	IAEE	4º-IAEEB1.1.1-Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	***Identifica as características dun emprendedor e coñece o significado da iniciativa emprendedora.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB1.1.2-Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o	***Investiga as áreas de actividade profesional do seu interese e identifica os posibles camiños de formación.	3,84 %

		desempeño profesional en cada un deles.		
4º	IAEE	4º-IAEEB1.2.1-Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	***Deseña un proxecto de carreira profesional do seu gusto.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB1.3.1-Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	***Coñece as normas e institucións principais do mercado de traballo.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB1.3.2-Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	***Comprende un contrato de traballo sinxelo e distingue os tipos principais.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB1.3.3-Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	***Comprende de maneira sinxela o funcionamento da Seguridade Social	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB1.3.4-Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	Identifica as situacións de risco laboral máis habituais.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB2.1.1-Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	***Deseña un sinxelo proxecto de empresa, razoando as necesidades da sociedade que cubre.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB2.1.2-Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).	***Identifica as características fundamentais das empresas, e os elementos que as constitúen.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB2.1.3-Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	***Deseña a estrutura organizativa da súa propia empresa.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB2.1.4-Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	***Elabora documentos básicos para a planificación das funcións da empresa en proxecto.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB2.2.1-Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.	Manexa como usuario básico distintas aplicacións de xestión e administración.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB2.2.2-Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	***Deseña un sinxelo plan de Marketing e comunicación para a súa empresa axustándose o máis posible a realidade.	3,84 %

4º	IAEE	4º-IAEEB2.3.1-Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	Crea materiais correspondentes a o seu plan de marketing.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB2.3.2-Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	Desenvolve tarefas de comercialización segundo o plan fixado.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB2.3.3-Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	Recolle datos sobre os apoios á creación de empresas.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB3.1.1-Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	***Distingue as principais formas xurídicas das empresa,s e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. Pode elixir a máis exitada.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB3.1.2-Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	***Coñece o proceso de posta en marcha dunha empresa.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB3.1.3-Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.	Describe os trámites de creación dunha empresa.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB3.1.4-Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	***Selecciona a forma xurídica máis axeitada.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB3.2.1-Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.	***Determina os investimentos necesarios na posta en marcha dunha empresa.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB3.2.2-Characteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	***Distingue as posibilidades de financiamento dunha empresa.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB3.3.1-Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.	***Presenta un estudio suficientemente realista da viabilidade económico-financieira da súa empresa.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB3.3.2-Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.	***Comprende os principais produtos financeiros.	3,84 %

4º	IAEE	4º-IAEEB3.3.3-Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.	***Coñece os principais impostos e pode facer unha estimación orientativa da cantidade a pagar.	3,84 %
4º	IAEE	4º-IAEEB3.3.4-Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.	***Valora a importancia do correcto tratamento dos cartos dos impostos.	3,84 %

Ademais, por decisión do Claustro engadimos os seguintes estándares aplicables a todos os cursos en distinto nivel de esixencia:

Exprésase de forma escrita con corrección ortográfica, sen cometer erros importantes tanto na escritura de letras, na acentuación gráfica ou co emprego dos signos de puntuación.

Exprésase tanto de forma oral como escrita con corrección léxica e gramatical CORRECCIÓN LÉXICA e GRAMATICAL (vocabulario axeitado, concordancia e uso correcto das formas verbais, cohesión e coherencia textual, e evita repeticións).

Presenta os traballos escritos atendendoa unha correcta caligrafía e presentación (pulcritude, marxes, parágrafos, separación entre parágrafos e letras ou borranchóns).

2.4.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe

A avaliación do alumnado leva unha serie de accións como a **recollida de información**, a súa **análise**, a súa **valoración** e a **toma de decisións** que permitan orientar mellor devandito aprendizaxe e revisar as nosas formulacións didácticas.

Unha vez establecidos estes obxectivos didácticos, se queremos obter información para a avaliación tanto das actividades ou tarefas de ensino e aprendizaxe como das específicas de avaliación, será necesario obter indicadores observables que permitan determinar, a través da actuación do alumno, en que medida entendeuse un concepto, se se soubo aplicar un procedemento e en que grao, ou se a actitude é a prevista, etc. Ademais, é necesario ter en conta que os coñecementos se adquiren de forma progresiva e, neste sentido, os criterios ou obxectivos admiten diferentes niveis de logro.

A. Avaliación da aprendizaxe a través das actitudes de ensino

En primeiro lugar, usaremos a **observación diaria do traballo dos alumnos** como un procedemento esencial para comprobar o seu progreso, tanto por ser un instrumento privilexiado para avaliar as actitudes e hábitos en relación co seu traballo, o seu interese e curiosidade, a súa participación nas tarefas colectivas, etc., como porque proporciona información dos alumnos en situacións diversas.

B. Avaliación da aprendizaxe a través dos traballos

Outro instrumento de avaliación relacionado coas actividades de ensino é a **revisión dos traballos dos alumnos**, a través do portfolio dixital (almacenados na carpeta individual

de gmail) no que se recollen as tarefas e actividades diarias, co fin de obter información sobre os seus hábitos e métodos de traballo, claridade nas súas anotacións, corrección na expresión escrita e gráfica, corrección ortográfica, etc.

Cada alumno compartirá o seu portfolio (coas actividades do libro de texto, de repaso e apoio e de profundización) co/a profesor/a. Este recollerá as tarefas realizadas polo alumno/a ao longo da avaliación e que formará a nota da materia.

Polo tanto, valoraránse cuantitativamente os traballos individuais e/ou en grupo que se realicen ao longo da avaliación, mediante notas de clase nas que se valorará o resultado nos exercicios, actividades de clase, exposicións orais, informes, etc., que o alumno realizaría de forma individual ou en pequeno grupo e servirán para determinar o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Ademais valorarase a limpeza, corrección e actividades da carpeta. Os traballos consistirán en exercicios prácticos de dificultade crecente.

Ademais os alumnos irán desenvolvendo unha idea empresarial que se avaliará igualmente como exercicio práctico .

Na terceira avaliación será imprescindible realizar un proxecto empresarial analizando a súa viabilidade. En todo momento terase en conta o traballo diario en clase, a motivación e non só os resultados finais acadados.

C. Avaliación da aprendizaxe a través de probas específicas de avaliación

En caso de que a profesora o valore conveniente, realizarase unha proba escrita antes da avaliación do trimestre. Esta proba terá o mesmo valor que un exercicio de clase.

2.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

O enfoque metodolóxico dá área «Iniciación á actividade Emprendedora e Empresarial» partirá dos coñecementos que teñen os alumnos/as da realidade que lles rodea así como das súas expectativas e intereses. A través de actividades eminentemente prácticas propiciarase as condicións favorables para que o alumno despregue unha actividade mental creativa e diversa que lle permita a adquisición de coñecementos e experiencias necesarios para o desenvolvemento dun espírito emprendedor.

A práctica docente orientarase ao fomento e desenvolvemento dos seguintes aspectos:

Promover o desenvolvemento das calidades persoais relacionadas co espírito emprendedor, tales como a creatividade, a iniciativa persoal, o traballo en equipo, a asunción de riscos e a responsabilidade.

Achegar un coñecemento temperán do mundo empresarial e un contacto con él, e axudar a entender o papel do empresariado na comunidade.

Concienciar o alumnado acerca do emprego por conta propia como posible opción profesional.

Organizar actividades baseadas na aprendizaxe a través da práctica (aprender facendo).

Darlle ao alumnado unha formación específica sobre como pór en marcha unha empresa.

Expor ao alumno o reto de identificar unha oportunidade e loitar por ela para crear un valor que xere beneficios para a súa contorna e para o mesmo. A observación e a análise do contexto social, cultural e económico, a planificación e organización do traballo, a realización de diversas tarefas, a asunción de responsabilidades, e o desenvolvemento do espírito crítico son accións que xeran aprendizaxes significativas e útiles para o desenvolvemento persoal e profesional dos alumnos.

- Fomentar a capacidade para a toma de decisións, as habilidades comunicativas e a autonomía do alumnado. A través do traballo en equipo, as simulacións e as dinámicas de grupo, que constitúen a base metodolóxica desta materia, o alumno adquirirá as habilidades sociais básicas para a continuación dos seus estudos, ou para a súa futura inserción no mundo laboral xa sexa como empresario ou como traballador por conta allea.
- Facilitar a asimilación dos novos conceptos desde un enfoque globalizado, que permita integrar o desenvolvemento do espírito emprendedor con outras áreas de coñecemento.
- Estimular a autoconfianza, a motivación polo logro, a iniciativa persoal e a capacidade para comprender e asumir riscos aceptables como paso ineludible para a consecución de obxectivos emprendedores.
- Integrar as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramentas do proceso de ensino aprendizaxe. A utilización de materiais multimedia e ferramentas interactivas e o uso da internet como medio de comunicación, familiarizan aos alumnos con medios e técnicas de comunicación que han de converterse en habituais e que facilitan o achegamento a outras realidades sociais e culturais.
- Para unha mellor consecución dos obxectivos da materia, estímase que a impartición do primeiro bloque debe concluír non máis aló do primeiro trimestre para continuar coa elaboración do proxecto de empresa. O desenvolvemento dos contidos deste primeiro bloque: conceptos, calidades e habilidades debe facerse fundamentalmente a través de actividades, xogos e simulacións de sensibilización, iniciación e apoio que axuden ao alumno para valorar as súas capacidades e habilidades así como o modo de adquirir outras. Estes contidos serán esenciais para que o alumno desenvolva o proxecto empresarial nas mellores condicións durante o segundo trimestre e comprenda mellor o bloque de Finanzas durante o terceiro.

A. Estratexias de ensino aprendizaxe

Preténdese que o/a alumno/a sexa capaz de introducirse no mundo empresarial a través de distintas actividades de achegamento ao mesmo. Por iso o papel do/a profesor/a será o de mediador entre a realidade do/a alumno/a e a realidade empresarial. Os retos que un empresario debe asumir desenvólvense de forma paralela aos que se enfrenta un adolescente, por iso aproveitarase a experiencia dos alumnos para ir desenvolvendo os contidos da primeira parte da materia.

A explicación por parte do docente será sempre unha breve introdución para ir desenvolvendo as distintas actividades. En todo momento tentarase que sexa unha clase participativa, na que a actuación dos alumnos sexa a parte máis importante. Así mesmo, fomentarse o traballo en equipo, en pequeno e gran grupo, agrupacións voluntarias ou aleatorias dependendo da actividade.

En definitiva de trata de que o/a alumno/a, grazas á reflexión persoal, sexa capaz de recoñecer as súas propias capacidades, fomente as súas habilidades emprendedoras e poida desenvolver distintas ideas empresariais que ao final plasmará no proxecto empresarial.

Valorarase especialmente a orixinalidade das ideas, a participación e o traballo na aula.

B. Actividades previstas cos alumnos/as

Ao ser unha materia fundamentalmente práctica, as actividades serán a estratexia máis habitual de desenvolvemento. Estas actividades serán de comprensión dos conceptos explicados, de desenvolvemento das habilidades do emprendedor, exemplos prácticos da vida diaria e empresarial.

Na segunda parte da materia basearase nas técnicas de obtención de ideas que o alumno irá desenvolvendo a medida que vai comprendendo as distintas áreas da empresa.

Centrarase en desenvolver un proxecto empresarial que o alumno elixirá, valorando a obtención de recursos, a recollida de información, así como a viabilidade técnica do mesmo.

Ao ser unha materia na que o uso do computador é fundamental precísase que as sesións lectivas se desenvolvan na aula de informática.

2.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que, na maioría das veces, se basean en soportes escritos ou visuais.

Así, suxerimos o uso dos recursos e materiais seguintes:

Utilizarase o libro específico recomendado aos alumnos/as: Iniciación á actividade Emprendedora e Empresarial da Editorial Santillana. ISBN 978-84-680-1877-5.

Ademais o/a profesor/a tamén considerará os seguintes recursos didácticos:

Libros gratis <http://www.librosdetextogratis.com/spa/portada.php>
<https://josesande.com/tag/cultura-emprededora-y-empresarial/>

Proxecto Vitamina E. h <http://www.educa.jcyl.es/VitaminaE/es>

“Empresa Xoven Europea”, libro de texto para 4º ESO editado pola Sociedade Pública Valnalón, creadora e coordinadora do proxecto que leva o mesmo nome.

JOHNSON, SPENCER: Quen se levou o meu queixo?. Ed. Empresa Activa. GALEGO: Aprender a xerar ideas. ED. Paidós.

HERRERA, HÉRNAN: A guía do emprendedor. Ed. Empresa Activa. JOHNSON, SPENCER: O presente. Ed. Empresa Activa.

JOHNSON, SPENCER: Si ou non. Ed. Empresa Activa. FISHER, MARC: O millonario instantáneo. Ed. Empresa Activa.

HATELEY, BÁRBARA BJ: Un pavo real no país dos pingüíns. Ed. C.E. Ramón. MURO, PACO. O peixe que non quixo evolucionar. Ed. Prentice Hall

ROVIRA DELMA, ALEX: Os sete poderes. Ed. Empresa Activa.

Películas de desenvolvemento de habilidades persoais como Million Dollar Baby, Billy Elliot, Cous Cous...

Guía de referencia **Orientación para emprender e ocuparse**. Módulo de Creación de Empresas. **Empreocúpate**. Xunta de Galicia.

Xogo da Bolsa: xogo de simulación que ofrece a posibilidade aos alumnos de participar no mercado bursátil. creado pola profesora.

Libros de lectura de iniciativa empresarial de Álex Rovira, Jhonson Spencer, etc.

Os *libros voluntarios* que os alumnos poderán ler son:

ROVIRA DELMA, ALEX: A boa sorte. Ed. Empresa activa.

Todos os materiais de **Aprende a Emprender** no ámbito do ensino secundario, incluída a súa Páxina Web www.iniciativaempresarial.org . Diseñados en colaboración pola Consellería de economía e facenda, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, IGAPE, BIC Galicia e financiado co FSC.

Lectura de artigos de prensa para o seu análise.

Internet como recurso para obter información e traballar.

Textos legais e impresos da Administración.

Revistas especializadas como Actualidad Económica e Emprendedores.

EduCaixa: fundación LaCaixa. Proyecto **Elevator Pitch**

Plan eduemprende. Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. <http://www.edu.xunta.es/fp/plan-eduemprende>

Xogo O Espírito emprendedor. <https://sites.google.com/site/talafol2012/dinamicas-y-juegos>
<https://prezi.com/ublpgxjdb0ue/el-juego-de-simlacion-para-fomentar-el-espiritu-emprendedor/>

Canal YouTube vídeos de economía

<https://www.youtube.com/channel/UChs3eAgeeNU7KyYpeibkuiA>

Páxinas web de creación de empresas e axuda na realización dun plan de empresa:

<http://portal.circe.es/es-ES/emprededor/CrearEmpresa/Paginas/CrearEmpresaProyectoEmpresaria.aspx>

<http://www.andaluciaemprende.es/pasos-para-emprender/>

2.7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A. AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS (1ª, 2ª e 3ª avaliación)

A nota de cada avaliación obtense da avaliación continua na que se cualificarán os traballos e actividades realizadas en clase, e en caso de facer unha proba escrita esta contará como unha actividade de clase máis.

Actividades, exercicios, traballos, exposicións e actitude 100%.

Valorarase tamén: Interese pola materia, participación na clase, atención. Unha boa redacción, expresión oral e destreza para falar en público. Limpeza e presentación.

Segundo os Estándares de Avaliación engadidos por decisión de claustro aplicarase na corrección tanto de traballos como de exames a baixada de 0'1 puntos por cada erro ortográfico ou gramatical, así como de ata 0'25 puntos por mala presentación.

A materia considerarase superada cando a nota que se obteña sexa igual ou superior a 5, en cada unha das avaliacións (trimestrais, ordinaria e extraordinaria).

B. MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos poderán recuperar cada avaliación entregando os traballos e actividades correspondentes antes da data límite marcada pola profesora.

No caso de que non entreguen eses traballos antes da data límite terán que facelo en xuño.

O traballos e actividades terán que ser orixinais, feitos polos alumnos. En caso de atopar copias a profesora poderá suspender a avaliación aos alumnos involucrados na copia.

C. CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA (XUÑO)

Cando o alumno ou alumna non conseguise acadar un grao mínimo na consecución dos estándares de aprendizaxe avaliados (nas probas e traballos cada avaliación) e/ou non entregue o plan de empresa, a cualificación final será de insuficiente (cun valor comprendido entre 0 e 4 puntos).

Con todas as avaliacións superadas, a cualificación final obtense achando o valor medio da cualificación de cada unha das avaliacións ou, no seu caso, das recuperacións. A cualificación será numérica, cun valor comprendido entre 5 e 10 obtido mediante redondeo.

2.7.1.- Criterios de promoción

O alumno/a aprobará a materia sempre e cando se comprobe, mediante os mecanismos ante especificados, que acadou os obxectivos de etapa, o grao mínimo consecución dos estándares de aprendizaxe avaliados, expresados nesta programación, e que acadou un certo grao de desenvolvemento ou adquisición de cada unha das sete competencias clave indispensables para alcanzar un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional.

A efectos de promoción e/ou titulación terase en conta a lexislación vivente:

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2.8.- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE

Xunto á avaliación da aprendizaxe dos alumnos e alumnas, o profesor valorará que aspectos da súa intervención favoreceron a aprendizaxe e en que outros poderían incorporarse cambios ou melloras.

En relación ao que avaliar no proceso de ensino, será necesario reflexionar acerca da adecuación dos obxectivos didácticos e da selección de contidos realizada. Con respecto á secuencia e temporalización das actividades, contemplárase o seu grao de adecuación ao ritmo da aprendizaxe do grupo e ás diferenzas entre os alumnos, o interese que despertaron neles, o grao de dificultade das tarefas, o equilibrio entre actividades individuais e en grupo, etc. Respecto dos materiais utilizados e a distribución de espazos e tempos, valorárase o seu rigor, interese, claridade, variedade, etc.

En relación cos instrumentos utilizados para a avaliación dos alumnos é importante valorar a súa adecuación e utilidade. Por último, tamén debe avaliarse a contribución dos métodos didácticos e pedagóxicos á mellora do ambiente de traballo na clase, a motivación que xeran as actividades que se expoñen, o papel e a actitude xeral do profesor, as relacións que establece cos seus alumnos, o seu grao de satisfacción e as súas expectativas, o tipo de organización e agrupación dos alumnos, etc.

Respecto da avaliación do proceso de ensino e os resultados da avaliación, hai que ter en conta en primeiro lugar a análise da información que proporcione a avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as. É aí onde podemos obter os datos máis relevantes sobre os distintos elementos do proceso de ensino. Cando avaliamos as aprendizaxes que realizaron os nosos alumnos estamos tamén avaliando, quírase ou non, o ensino que levamos a cabo.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

	INDICADORES	PROPOSTAS DE MELLORA	A DESTACAR
QUE AVALIAR?	A adecuación da temporalización das unidades didácticas		
	O desenvolvemento e consecución dos obxectivos didácticos		
	O manexo dos contidos da unidade		
	Os descritores e desempeños competenciais		
	A realización de tarefas e as dificultades atopadas		
	As estratexias metodolóxicas seleccionadas.		
	A idoneidade dos recursos propostos.		
	A claridade nos criterios de avaliación.		
	O uso e idoneidade das diversas ferramentas de avaliación.		
	A atención á diversidade e a interdisciplinabilidade.		
COMO AVALIAR?	<p>AUTOAVALIACIÓN INDIVIDUAL: das dificultades atopadas, as necesidades, os puntos fortes, propostas de mellora.</p> <p>AVALIACIÓN GRUPAL: posta en común e proposta de solucións.</p> <p>AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE POLO ALUMNADO: enquisa a realizar polo alumnado cada trimestre e a final de curso.</p>		

CANDO AVALIAR?	<p>DIARIAMENTE: seguimento da PDA na aula, diario de clase do profesor. MENSUALMENTE: seguimento e cumprimento da PDA, reunións do departamento e libro de actas.</p> <p>TRIMESTRALMENTE: seguimento e cumprimento da PDA, resultados de aprendizaxe trimestrais, reunións do departamento.</p> <p>AO FINALIZAR O CURSO ESCOLAR: seguimento e cumprimento da PDA e resultados da avaliación ordinaria, reunión do departamento e memoria final.</p>		
TOMAR MEDIDAS?	<p>No momento que sexa preciso e así se acorde, introduciranse os cambios ou/e axustes necesarios que se farán constar en acta de reunión de departamento e na memoria final de curso, onde tamén se indicarán as dificultades atopadas para a súa posta en práctica, as propostas de mellora e as necesidades de modificacións para o vindeiro curso escolar.</p>		

En concreto, os procedementos que nos van a permitir valorar o axuste entre a programación didáctica e os resultados obtidos son os seguintes:

Revisión trimestral da programación didáctica e a súa aplicación na aula, vendo as desviacións sufridas, valorando os motivos polos que houbo variacións.

Avaliación final da materia por parte dos alumnos/as.

Valoración cualitativa trimestral do resultado dos alumnos/as.

2.9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao principio deste curso (setembro-outubro) se realizará unha proba escrita para ver o grado de coñecementos e o nivel de comprensión acadado polo alumno na súa etapa anterior. Esta avaliación inicial permitirá adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade da aula.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos; a partir dela poderemos:

Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.

Saber as medidas organizativas a adoptar. Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual.

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes alumnos/as.

Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor(a).

2.10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Non podemos esquecer que a materia parte do coñecemento da realidade empresarial da zona, o cal orixina que non todos os alumnos teñan as mesmas oportunidades de achegamento á mesma. Por iso se se detectan deficiencias de tipo conceptual bastará con irse adaptando ás necesidades dos alumnos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, detectarase a través do traballo diario do alumno cales son os seus problemas á hora de enfrontarse á materia. A vantaxe de ser unha materia optativa onde o número de alumnos adoita ser reducido, fai que se poida dar unha atención individualizada aos alumnos con maiores dificultades, xa sexan conceptuais ou procedimentales.

2.11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NA ÁREA

O carácter global e integrador do currículo da ESO implica que, en tódalas áreas, estean presentes unha serie de temas de tratamento xeral ó longo do correspondente desenvolvemento curricular. Como se porá de manifesto ao longo do curso, abordar a área de IAEE presenta numerosas oportunidades para dar un enfoque transversal ao desenvolvemento das distintas unidades didácticas.

Os temas transversais a traballar son basicamente os seguintes: a educación moral e cívica, a educación para os dereitos humanos e a paz, a educación para a igualdade entre os sexos, a educación ambiental e do consumidor, etc.

2.11.1- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR E FOMENTO DA COMPRESIÓN LECTORA

Desde o Departamento asumimos que a comprensión lectora ha de ser unha práctica habitual da docencia e que esta práctica non ha de ser relegada unicamente ás materias de Lingua e Literatura Castelá e Galega, senón que ha de ser común a todas as materias.

Para contribuír a iso, trataremos de conseguir gradualmente a través das actividades que debaixo se detallan a progresiva autonomía do alumnado na comprensión lectora. Incentivaremos o hábito e o interese pola lectura fornecendo aos alumnos sobre todo materiais escritos para traballar os distintos contidos da materia e artigos xornalísticos de natureza económica e empresarial que se poden extraer da internet, e no caso de que se considere oportuno, aproveitaremos os exemplares que xa existen no Centro.

Desde a materia tratarase de potenciar o fomento da lectura mediante distintas estratexias:

Ofrecemento de varios libros específicos da materia de Iniciativa Emprendedora, para que os alumnos léanos de forma voluntaria e poidan subir nota.

Lectura diaria de artigos de distintas revistas e libros.

Lectura de artigos da revista “Emprendedores” para coñecer a realidade empresarial española.

Busca e selección de información empregando diversas páxinas Web.

Os libros que o profesor poderá propoñer como lecturas voluntarios para os alumnos son:

ROVIRA DELMA, ALEX: A boa sorte. Ed. Empresa activa.

JOHNSON, SPENCER: Quen se levou o meu queixo?. Ed. Empresa Activa. FISHER, MARC: O millonario instantáneo. Ed. Empresa Activa.

ROVIRA DELMA, ALEX: Os sete poderes. Ed. Empresa Activa.

TRIAS DE BES, FERNANDO: O libro negro do emprendedor: non digas que nunca cho advertiron. Ed. Empresa Activa

Outros libros que os alumnos poderían ler son:

HATELEY, BÁRBARA BJ: Un pavo real no país dos pingüíns. Ed. C.E. Ramón. MURO, PACO. O peixe que non quixo evolucionar. Ed. Prentice Hall GALEGO: Aprender a xerar ideas. ED. Paidós.

HERRERA, HÉRNAN: A guía do emprendedor. Ed. Empresa Activa. JOHNSON, SPENCER: O presente. Ed. Empresa Activa.

JOHNSON, SPENCER: Si ou non. Ed. Empresa Activa.

Desde o Departamento, a lectura e análise destes textos considérase fundamental para o apoio das explicacións efectuadas para a adquisición de conceptos, pero tamén para que os alumnos poidan vincular eses conceptos teóricos que adquiren en clase coa

realidade económica do momento; ao mesmo tempo, cremos que coa realización deste tipo de actividades favorécese a curiosidade por parte dos alumnos e a formulación de preguntas e dúbidas, xerando un interese crecente do alumnado polas materias que impartimos que esperamos que acabe desembocando nuns resultados académicos satisfactorios.

Ademais de traballar artigos xornalísticos recorrerase a libros que os alumnos poden baixar gratuitamente da internet (por exemplo, para introducir aos alumnos no emprendemento recorrerase a “13 principios para emprender”, de Fernando Giner), e, se se considera oportuno conforme vaia avanzando o curso poderanse recorrer a outros libros dos que xa existen algúns exemplares na Biblioteca do Centro.

Así mesmo, na materia de Iniciativa Emprendedora para a elaboración do proxecto emprendedor os alumnos terán que buscar eles mesmos información recorrendo a Internet, o cal será sen dúbida unha forma de contribuír á mellora das habilidades de lectura e escritura.

Tratarase, ademais, de fomentar nos alumnos a elaboración non só de resumos e esquemas, tamén de mapas conceptuais a fin de conseguir que non se limiten a adquirir conceptos illados e que aprendan a ver a importancia de establecer relacións entre as distintas ideas.

Imos practicar a prevención do erro ortográfico no momento da aprendizaxe dos termos económicos e empresariais, e vanse a exercitar as destrezas implicadas na redacción e na produción de textos escritos, tanto con actividades que os alumnos teñan que desenvolver en casa.

Para fomentar a comprensión lectora, o profesor/a tentará en todo momento que os alumnos entendan todo o que está a transmitir e insistirá na importancia de que estes leven a cabo unha aprendizaxe significativa, tentando evitar o erro no que en non poucas ocasións incorren no seu afán por estudar memorizando unicamente, sen entender o que están a estudar.

A expresión oral tratarase de traballar na medida do posible nas diferentes sesións a pé de aula cos alumnos, tratando de fomentar en todo momento a participación do alumnado para conseguir ese feedback tan importante na práctica docente, aínda que é certo que as veces a ausencia de grupos reducidos é algo que non será unha axuda para este labor. E, finalmente, indicar que se tratará de potenciar, na medida do posible, a lectura expresiva como exercicio de comunicación oral dado que somos conscientes de que a lectura en público incrementa a competencia en expresión oral do alumnado.

2.11.2.- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO Plan TIC

Aproveitando que as clases se desenvolven na aula de informática favorecerase ao máximo a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como vía estimulante e eficaz para a mellora das habilidades emprendedoras, aproveitando as posibilidades que ofrecen os distintos medios de acceso ao coñecemento e os espazos de interacción e colaboración.

Asemade, non podemos perder de vista que, unha das competencias indispensables para o emprego e para calquera emprendedor é o tratamento da información e a competencia dixital (busca, tratamento e organización da información).

2.12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

- Saída para colaborar cunha entidade humanitaria como o Banco de Alimentos.
- Visita a unha empresa (por exemplo Marine Instruments, no Porto do Molle, aínda sen confirmar)
- Visita a un centro de Formación profesional en Vigo.

2.13.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓNS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Estes mecanismos serán similares aos presentados na PD xeneral do Departamento.

2.14.- PROPOSTAS DE MELLORA

En **Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial** de **4º ESO** observamos a necesidade imperiosa da lectura e comprensión dos xornais por parte do alumnado, así como mellorar a cultura económica.

por outra parte, ao igual que en outras materias, o alumnado necesita mellorar a ortografía, a comprensión lectora, a produción de textos e a presentación en público.

En Baiona, 22 de febreir de 2023

Asdo.: *María Lurdes Pérez Camiña*

